BNG

IX Asemblea Nacional

2001

BNG

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Ponencias Asemblearias

IX Asemblea Nacional

Santiago 17/18 de Febreiro de **2001**

17/18

Compromiso *co futuro*
Responsabilidade *de governo*

2001

Compromiso co futuro

IX Asemblea Nacional do BNG

Discurso de benvida de Encarna Otero

Sábado, 17 de febreiro de 2001

Boas tardes, amigas e amigos das delegacións presentes nesta IX Asemblea Nacional do BNG que, desde territórios e países diversos, fostes quen de vos desprazardes e estades hoxe aqui, sacrificando en parte o voso tempo de lecer para compartirdes connosco estes dous dias de traballo, evidenciando, deste xeito, o voso apoio a nós, ao BNG e, como engadido, a Galiza. E ainda que Compostela, cidade sempre hospitalária, vo-lo agradeceu con este sol e esta luz, intensos e agarimosos, o esforzo non é menor. Polo tanto, quero dar--vos as grácias en nome do BNG por estardes aqui. A vosa presenza é un ben político moi prezado para nós.

Compañeiros e compañeiras do BNG presentes nesta IX Asemblea. Até hoxe desenvolvemos a primeira fase de traballo da documentación asembleária e remataremos nas xornadas de hoxe e mañá un novo chanzo a colocar na escada do noso traballo, na que os homes e mulleres do BNG fomos quen de elaborarmos doutrina, mellorarmos organización, definirmos acción e liñas programáticas desde o debate frutífero, o acordo democrático e o consenso xeneroso e, asi, as propostas de tese desta IX Asemblea Nacional engrosarán o ideário político e organizativo feito polo BNG na sua andaina, comezada no ano 1982, perto das augas bravias de Riazor e que, polo tanto, ten xa dezanove anos, camiño feito con ilusións compartidas de futuro soñado xunto ao novo povo dunha Galiza de seu, moderna, próspera, xusta, universal e democrática. Un povo, o noso, cada dia máis identificado con ese proxecto comun que os homes e mulleres do BNG construímos dia a dia co noso traballo, traballo desenvolvido desde a lucidez da razón e cun imenso amor que só nós somos quen de darmos cunha vocación de servizo, de dignidade e de ética, património xa dos homes e mulleres do BNG.

Hoxe e mañá estamos e estaremos aqui en Compostela para reafirmarmo-nos nese compromiso con Galiza e coas suas xentes e, ainda máis, para ampliá-lo e mellorá-lo porque se están a viver tempos duros, difíceis, que só nós, como organización política vinculada ao país, anunciamos xa hai tempo, non como agoreiros mais si como premonitores, para tomarmos as medidas de prevención e precaución necesárias; e, por iso, hai xa tempo, elaboramos un programa de governo necesário e imprescindíbel con alternativas concretas que divulgamos a todos/as os/as cidadáns/ás. Este programa precisa agora unha execución imediata. Por iso, temos que ser capaces de rematarmos estas xornadas de traballo con realismo e pragmatismo, mais tamén con ilusión, esperanza e confianza de abrirmos unha nova etapa na vida política de Galiza que remate coa peste Fraga, etapa histórica de nefasta memória, acuñada xa asi polo noso portavoz nacional, Xosé Manuel Beiras; e digo-vos como compostelá que a peste nesta cidade se rematou por duas vias: pedindo a un protector (San Roque) que por iso o é da cidade e construindo un hospital para reme-

diá-la. Polo tanto, no BNG e na Galiza faremo-lo democraticamente derrotando o PP no exercicio soberano do voto nas urnas e porque, ademais, como povo merecemo-nos esta vitória histórica; mais tamén porque é preciso que a sabedoria, o traballo e a intelixéncia colectiva de Galiza, tendo como motor e veículo o BNG, sexa quen de recuperar esta nosa nación. Santiago foi, ao longo dos séculos, testemuña de fitos importantes na nosa construción nacional: aqui coroaron-se reis de Galiza, tivo lugar a Asemblea de Alcaldes que botou a andar o Estatuto e na Praza do Obradoiro proclamou-se este –unha vez plebiscitado no 1936-. Polo tanto, avoguemos porque volva a recuperar esta función.

Traballemos baixo a protección agarimosa dos seus sete montes, que a auga vivificadora, limpa e vizosa dos seus dous rios –o Sar e o Sarela- alimenten a nosa intelixéncia colectiva para que o compromiso co futuro e a responsabilidade de governo que definen a nosa asemblea sexan unha realidade no mes de Outubro.

Benvidos e benvidas á IX Asemblea do BNG e bon traballo.

Discurso de apertura de Bautista Alvarez Domínguez

Santiago, 17 de febreiro de 2001

Compañeiras e compañeiros,
Delegacións convidadas,
Amigos e simpatizantes do BNG:

Desde várias asembleas comarcais solicitou-se, nas emendas ao regulamento, que no acto de apertura o Consello Nacional apresentase un informe da xestión realizada nos dous anos prolongados de mandato. Non vou eu asumir a lexítima suxestión que o proceso precongresual maioritariamente rexeitou. Serve-me, en todo o caso, para introducir a miña intervención neste momento cun modesto discurso ao que a Permanente do BNG liberou do compromiso de ter que se axustar á rixidez dun monótono relatório previamente acoutado. Asi foi algunha vez, deixando como resultado maiores discrepáncias que anuéncias. Mesmo asi, optando pola via desde hai tempo desbotada, serian outras as persoas máis indicadas para lles atribuir esta responsabilidade. Cabe-me a min, se algun mérito tivese que aportar para xustificar a miña presenza na tribuna inaugural, a lealdade de moitos anos ao proxecto nacionalista, que dentro del trompicou nos erros e limitacións persoais e con el compartiu os acertos colectivos.

É certo que o informe de xestión vén sendo habitual e preceptivo na maioria dos congresos doutras formacións políticas. Quizais o BNG rompa tamén aqui os esquemas tradicionais, do mesmo xeito que xa o fixo no plano ideolóxico e organizativo. Quen vai á procura dunha Galiza nova non debe seguir os vieiros tracexados para aferrollar a sua história ou foron incapaces de lle devolver o seu protagonismo. Quen reclama para Galiza un centro de decisión, nela debe atopar os alicerces en que fundamente a sua estratéxia, criando alternativas próprias e galeguizando os valiosos contributos do pensamento político universal. Ollar para atrás é correcto. Non para folgar. Sempre que sirva para corrixir desacertos e tomar impulso. Os erros emendamo-los no debate permanente na vida asembleária. Nengun conflito –é lóxico que existan– ten a dimensión suficiente para ser dirimido na Asemblea Nacional.

Pois tomemos alento lembrando o traxecto percorrido polo Bloque que collémos hai dous anos en Ourense e traemos hoxe a Santiago de Compostela. Abondan poucas pinceladas para debuxar un cadro de optimismo. Forzosamente, deben centrarse en salientar os avanzos conseguidos no terreo institucional, non o único, pero o máis importante vertebrador da nosa actividade política, sobretodo por ser esta expoente que reflicte o degrau de introdución social da mensaxe nacionalista. Partindo dunha precária representación nas anteriores corporacións dos concellos urbanos, o BNG recebeu das urnas do 99 o governo municipal de tres das sete cidades importantes do país. Tamen recebeu respaldo suficiente para decidir e partici-

par en coalicións municipais alternativas á direita. Proseguiu a liña ascendente dos resultados eleitorais nos tres procesos que nesta etapa tivemos que defrontar. Por primeira vez acadamos presenza no Parlamento europeu, e fixemo-lo voando con azas próprias, sen necesidade de recorrermos ás emprestadas. Eis o significado estrito da metáfora por min utilizada na apertura da anterior asemblea nacional, e que alguns comentaristas leron con moi variadas interpretacións. Trataba-se, naquel momento, de escollermos a modalidade de concorrência. O que despois se demostrou ser fórmula exitosa, a militanza asumiu-na como fórmula correcta. Quen quer conseguir a confianza do seu povo ten de acreditar no vigor das suas forzas. Non sei se entrará folgadamente na ortodóxia da nosa ideoloxia; pero o certo é que o triunfo sempre se resiste aos complexos de fraqueza. O que encaixa de cheo no noso pensamento é a necesidade de acumularmos enerxias se aspiramos á vitória. Procuremo-las aqui. Carece de futuro político quen tiver que importá-las desde fóra.

O ascenso foi significativo tamén nas eleicións ás Cortes do Estado. Houbo leituras tendenciosas sobre o mesmo, contrapondo nunha falsa dialéctica os resultados que se deron aos que puideron ser. Son obxectivas as análises que o Consello Nacional achegou como base de reflexión á militanza. Todas baixan e sobe o Bloque, nunha porcentaxe moi superior ao incremento obtido en Galiza polo único partido gañador, que non o seria de manteren os outros o mesmo degrau de confianza popular que mantivemos nós. Visto é que se aduce como elemento negativo non acadarmos o obxectivo previamente fixado como meta: a obtención de grupo parlamentar. ¿Cabe obxectar, a este respeito, temeridade no deseño dunha campaña por elevarmos o listón a demasiada altura? Á marxe de malograrmos duplicar a nosa representación por escaso número de votos, ¿cais serian os resultados de non transmitirmos chamadas de optimismo á base eleitoral? Non pecámos de Quixotes. Mais ben aplicámos o pragmatismo de Sancho: se a pouco aspiras, con nada te dás por satisfeito.

Entrámos no Senado, ocupando o escano que a Cámara Alta lle debia ao BNG desde as autonómicas do 97. Nela contribuiremos –xa está a contribuir o compañeiro Anxo– a reformular a composición e papel que desempeña no marco constitucional, definidas de maneira híbrida, confusa e incoerente. Impulsaremos a reforma de xeito que na sua estrutura e funcións reflicta a composición plurinacional do Estado. Non rematamos aqui a conquista no campo institucional. Nen sequer renunciamos a que o nacionalismo acade algun dia presenza na ONU, para que por Galiza non teñan que falar outra vez as Cortes de Zamora.

¿E o governo da Xunta? Niso estamos, compañeiros. Co voso traballo e a confianza do povo temos a certeza de que o país saldará axiña a débeda contraída con Pondal e Rosalia, coas Irmandades da Fala, co Partido Galeguista, coa memória de

Castelao e o sangue de Alexandre Bóveda. Con todos aqueles que nos deixaron en herdanza o rexurdir da conciéncia nacional. Chegou o tempo de recoller o froito de máis dun século de sementeira. Xa é hora de ver ondear a bandeira de Galiza no pavillón nacionalista, o único que sempre a mantivo limpa, e que por defender as suas cores inclusive renunciou moitas veces á liberdade persoal. Non coas armas. Non coa violéncia da chantaxe psicolóxica. Máis por convicción democrática que por non ousar combater con gladiadores que Roma ten adestrado nas artes de reprimir escravos, imos nós conquistar cos votos dos nosos eleitores o que nunca esperamos obter coa moción de censura recentemente apresentada e debatida. Era obrigado referir-me a un tema de viva actualidade e magnitude. As causas que a motivaron son amplamente coñecidas pola opinión pública através da magnífica intervención de Xosé Manuel Beiras na sesión do 29 de Xaneiro. Nada que engadir. Si é preciso sair ao paso das reaccións que a mesma produciu no partido do Governo. Tratou en princípio de rebaixar e maquillar os seus efeitos. Pretensión moi mal disimulada. O señor Aznar desde Lisboa e desde Madrid o señor Arenas acusaron o impacto, chamando a cerrar filas arredor do presidente Fraga. As fendas, xa que logo, están abertas. Non no BNG, sempre coesionado, e agora sobretodo, en torno á sua alternativa e lideratos. Existen no seo do PP ao veren exibidas pola rua, coa petrina aberta, as suas intimidades máis pudendas.

Se por acto de propaganda eleitoral se entendese o deber de exixir responsabilidades aos poderes públicos cando estes se iniben das responsabilidades que o povo lles entregou, cando utilizan de forma perversa a administración que sendo pública consideran como própria, cando aos problemas urxentes do país lles botan terra en lugar de resolvé-los, cando hai mariñeiros que non poden sair ao mar, labregos que os obrigan a deixar a sua leira e comerciantes que teñen que pechar, está claro que facemos propaganda eleitoral por levarmos á tribuna do Parlamento o que na rua está xeneralizado como clamor popular. Non hai fraude de lei. O Estatuto de Autonomia e a lexislación que o desenvolve submeten o Presidente da Xunta ao control parlamentar. Sistematicamente Fraga veu iludindo este mandato, frustrando con normas procedimentais de dubidosa aplicación o que constitui un direito substantivo. Isto si que é fraude de lei, por tomar aspectos formais e orientá-los nunha dirección diferente á pretendida pola mesma, tal como fixo o Rambo galego para demorar a acción da xustiza. Nen interpelacións nen solicitudes de comparecéncia, atrincheirado para as negar no voto ponderado da xunta de portavoces. Só nos ficaba o recurso das figuras-clave que os xuristas colocan a rodapé nos comentários ao preceito constitucional que regula a exixéncia de responsabilidades ao xefe do Executivo: a moción de censura e a cuestión de confianza. Non é de iniciativa da oposición a segunda, derradeiro recurso que teñen os governos para salvaren situacións de extrema debilidade. Exercémos, portanto, a censura, e con ela os compromisos contraídos co noso eleitorado. Para Fraga é fraude de lei, por termos a ousa-

dia de submetermos a control a quen responde exclusivamente ante Deus e o confesor. Non son miñas. Son as palabras pronunciadas por el non hai moito en sede parlamentar. Frase lapidária, merecente de ser esculpida como apéndice na biografia do controvertido rei francés. O Estado é el. El, que foi investido por autoridade divina, a mesma que despositou a coroa nas cabezas sesudas nos monarcas medievais. Entre Fraga e a divindade, o baleiro absoluto. Quizais elimine tamén o confesor e paródie o xesto napoleónico coroándose a si mesmo como imperador. Ademais de petulância, esta atitude amosa ingratitude irreverente cos eleitores do Partido Popular. Fai menosprezo do seu apoio. Daí o costume de inaugurar nos mosteiros a sua campaña eleitoral. Máis vale un santo que o voto de trinta beatos.

A retransmisión en directo permitiu ao povo galego receber as propostas alternativas dun governo nacionalista, e comprobar a altura dialéctica esgrimida polos espadas que os censurados sacaron á palestra. Non quero degradar a miña intervención con recursos oratórios próprios daqueles que pretendo criticar. Pido-vos, portanto, que tomedes como subtil ironia as palabras concebidas no meu corazón como sarcasmo. Algo debeu mudar desde cando o catón nos iniciara na leitura. Ademais de cantarmos a táboa de multiplicar, na escola aprendémos que o can ladra, miaña o gato, a galiña cacarexa e o cabalo rincha. Pois ben: o poleiro da Xunta é o único en que as pitas ornean e dan couces. Entre semellante fauna, non é de estrañar que existan tamén as vacas tolas. Racionaron-lles o leite, e trocaron-lles a dieta de pastura pola cociña de hamburguesas.

Non foi suprendente o resultado da moción. Coñecemos as regras da aritmética. Comprendemos a lóxica postura dos que coincidindo con nós nos critérios sobre a gravidade da situación seria moito pedir-lles que avalasen a investidura encarnada nun modelo político que non comparten. Mesmo que a oferta programática de Beiras fose de concórdia, non temos que cualificar a sua atitude de ilexítima. Estaban os recursos legais que permitian, xa iniciado o proceso, apresentar candidatos e propostas diferentes. Carecen delas, ou frente ao nacionalismo vale-lles todo, inclusive Fraga? É a pergunta que os cidadáns terán de responder en próximas consultas.

Mália todo, entre os efeitos imediatos provocados pola moción de censura está o feito de retrasar para Outubro a convocatória dunhas eleicións previstas en princípio para Xuño. Afastá-las no tempo foi o remédio que Fraga escolleu para cauterizar as queimaduras, non para denegar a pretensión de adianto eleitoral insinuado por algun voceiro da oposición. As urnas, visto é, son a expresión fundamental de democrácia. Pero esta fala tamén através da mobilización popular dos mariñeiros e das tractoradas reprimidas por quen ten agora a responsabilidade de solucionar os problemas dos gandeiros. Paradoxos da política. Entre as urnas e o poder executivo está o Parlamento. Por ser a institución básica da democrácia representativa, e

polas funcións de control encomendadas por mandato estatutário. Perante a situación crítica que atravesa o governo do país, apelar en exclusiva á consulta eleitoral, por outra banda necesária, significa iludir as obrigas inerentes á credencial dos deputados. Exercemo-las nós, á marxe dos direitos que faremos valer no seu momento como simples cidadáns, á marxe tamén do sentido que como políticos lle daremos á orientación dos votos. Fraco favor a Galiza permitir-lle a quen provocou a gravidade da situación apresentar-se incólume ante o seu eleitorado. A censura promovida polo BNG conseguiu que Fraga teña de acudir en estado convalecente á cita das urnas. Daí o anúncio de esgotar a lexislatura, para gañar tempo e recuperar titulares de prensa que tiña perdidos no debate da tribuna.

Se non hai trasacordo, cando expire o actual mandato haberá que renovar no próximo outono a composición da Cámara autonómica. Axitarán-se outra volta as promesas reiteradas e incumpridas: unha Galiza próspera e forte, máis rica, e quizais de maior compromiso coa sua identidade. Gabarán-se uns de iniciaren ou remataren as autovías. Laiaremos outros que cheguen demasiado tarde as infraestruturas que sempre comezan en Madrid. Voará desta vez a demagóxia polo AVE, espécie migratória que despois de aniñar na apertura das campañas remonta no inverno cara a outras latitudes. Non son estes os trazos que deseñan os perfis da nosa alternativa. Nen sequer aqueles que por definición ideolóxica nos situan en parámetros da esquerda, se non se lexitiman pola praxe preconceitos teóricos encobridores de atitudes claudicantes. O que nos identifica non é carecermos dunha visión de Estado e de perspectivas para Europa. Frente aos que defenden o acatamento submiso do modelo definido, nós pretendemos a participación de Galiza na construción de Europa e do Estado. Prexulgamos que de forma sincera partan outras da Constitución e o Estatuto para chegar a un Estado federal. En todo o caso, nós preferimos partir de Galiza para definirmos a Constitución dun Estado de estrutura plurinacional. Aqui está o dilema: ollar Galiza desde España e desde Europa, ou exixir para ela o papel que lle pertence no concerto universal. Reclamamos e praticaremos a solidariedade, pero en primeiro lugar demandamos a xustiza. Para nós Galiza é o ponto de partida e tamén o de chegada.

Na construción do país sobre a sua identidade deben centrar-se, a curto e a longo prazo, os obxectivos do nacionalismo. É importante para isto a conquista das institucións que nos permitan avanzarmos nesa dirección. A derrota do PP ten sentido, máis polo entronque co pasado, por fundamentar nel a política que aplica no presente. Podemos esquecer a filiación ideolóxica de moitos dirixentes educados nas escolas do franquismo. Podemos ignorar antecedentes de persoas que participaron en medidas represivas hoxe perseguidas pola xustiza internacional. Baltasar Garzón podia continuar aqui as pescudas que iniciou en Chile. Non importa. Por demócratas, e sobretodo por virtude humanitária, defendemos a reinserción do delincuente.

O que non perdoamos é a afronta permanente ás institucións de autogoverno, comparando o Parlamento con tertúlias de taberna. Utilizar a autonomia para capitalizar os éxitos alleos e iludir os fracasos de responsabilidade própria. Servir-se dela para garantir o cumprimento das medidas impostas desde fóra e non para sacar a frote os nosos sectores produtivos. Calar, cando os mariñeiros, labregos e comerciantes están roucos de berraren. Atribuir a caída demográfica á necesária reordenación do sector primário. Considerar que Galiza vai ben por se manter o valor adquisitivo no mercado de votos do Partido Popular. Que importa que o povo pase frio mentres eles anden quentes! Que ria a xente, tomando o consello que nos legou Góngora no poema. E vai-se rir a cachón cando as urnas, das que tanto se riron, lles den o que teñen merecido, fartiñas dunha Xunta que governa a lume de queimadas. Convictos españois, identificados co supremo valor da pandeireta, queren facer un pandeiro de Galiza. O galego é bon, sempre que non saia da sua función folclorizante, animador de "farras", idioma feito para meter Xan das Bolas como extra nas películas. ¿Quen non ouviu os "ei carballeira" do presidente Fraga, amigo de facer campaña eleitoral aturuxando? Quizais lle veña desta afeizón reclamar-se "galego coma ti", emulando Xan das Bolas para se erixir en artista da história do país, cansado de actuar como extra no período da Transición.

Non precisamos nós exibirmos o cualificativo de galegos. Máis que polo sangue e pola Terra, acreditamos a nosa ascendéncia pola língua, que, se puxo raiolas de luz nos beizos do amante, mollou tamén con bágoas de loito o pranto polos mortos e por todos os que a emigración enterrou vivos. Non convén chorar máis, dixo o poeta nunha sesgada visión de Rosalia. Serve-nos a língua para cantar a nación de Breogán, navegar nos ventos de rebeldia que a lira de Curros axitou, para loitar cos traballadores nos versos de Celso Emílio. Abonda de lirismos. Se desaparecese o idioma, ficaria diluída a nosa identidade. Manter a sua vixéncia é impedir que o país deixe de ser unha nación. Pero, para que o povo fale, precisamos primeiro garantir-lle o alimento. Poñamos freo ao desatino. Sinto que o ton do meu discurso, por afiar o sentido crítico, esvare nalgunhas liñas por notas de pesimismo. Lonxe de min esa visión de fracaso, por natureza optimista, e por militar nunha organización que olla un futuro de esperanza. Por sermos nacionalistas, acreditamos na forza do povo para resgatar a sua história. O pesimismo é atributo da direita. Desde as monarquias absolutas ás ditaduras recentes, a tirania sempre xustificou o poder persoal no menosprezo á capacidade das masas. Masas que para nós teñen a consideración de cidadáns. Con todos os atrancos, eles resistiron os ventos de proa para manter a frote a nosa economia en situacións adversas. Existen en todos os sectores, a comezar polo mundo empresarial, casos modélicos que dan testemuño do potencial que encarna a nosa sociedade. E cando as restricións interiores os forzaron á emigración, nos países receptores desenvolveran dotes e iniciativas que, de se teren producido aqui, conseguirian que Galiza deixase de emigrar. E se foi asi cos

ventos en contra, ¿que non seria se estes soprasen de popa? Estamos a tempo de virar a sua dirección. Coñecemos dados obxectivos que constatan a receptividade da opinión pública ao programa desenvolvido polo BNG na moción de censura. Daqui a Outubro, é posíbel convertermos en credibilidade eleitoral o que temos gañado de prestíxio no terreo político.

Somos conscientes das limitacións impostas. Tanto polo marco español como europeu. Carecemos aínda da soberania que permita aproveitar ao máximo os recursos estragados en cinco séculos de colonización e vinte anos de autonomia. Por iso fuximos de propostas utópicas, irrealizábeis sen a modificación do contexto en que teñen de actuar. Mesmo asi, e sen renunciarmos aos obxectivos estratéxicos, dentro das coordenadas actuais é posíbel impulsar avanzos que até hoxe se malograron por falta de compromiso co país. É realista e pragmática a nosa pretensión. Non confundamos, non obstante, o alargamento do campo administrativo de actuación coa conquista do poder. ¿Cantos hai? Cai no erro de os multiplicar que non ten nengun, tomando os apéndices polo corpo en que se inseren. Para Montesquieu, os do Estado eran tres: Lexislativo, Executivo e Xudicial. Coido que Montesquieu era ateu. Por iso abriu un problema que estaria resolto a lle aplicar a fórmula contida no mistério da Santísima Trindade: un Estado composto por tres poderes distintos e un só poder verdadeiro. O supremo poder do capital. Asi o entendo eu, quizais por crenza relixiosa e non por adesión ás teses do materialismo histórico.

Somos optimistas por ideoloxia e vocación. Un povo criador dunha cultura, ainda viva, que Portugal expandiu polo mundo, non merece ser recluído na eterna condición de periféria. Precisamos deter a caída demográfica, escoada noutros tempos através da emigración e agravada hoxe no estancamento vexetativo. Non seria alarmante o despovoamento do meio rural se estivese compensado polo crecimento urbano. É discutíbel o modelo a escoller para o asentamento humano. Os xermanos sacaron á leira as concentracións da civitas romana. Por orixe, somos a maioria dos galegos desterrados nas cidades, que ainda suspiramos polas alboradas e solpores da campiña. O problema non é este. A causa é que as agresións económicas operan con máis viruléncia no sector primário. Non temos, contodo, morriña do arado, sempre que o pan que daban as veigas se poda recoller nas fábricas. Aceitamos transformar os hábitos cando non signifique destruir a vida.

Veredes que as miñas palabras discorren por temas que constituen motivos de preocupación da militanza nacionalista. Lonxe de min a pretensión de os resolver. Se queredes, teñen o valor dunha reflexión persoal que eu me fago, abusando talvez do priviléxio da tribuna. De calquer maneira, con algunha suxestión haberá que contribuir para que o acto de apertura da asemblea non se reduza a un elemento puramente decorativo. Viñemos a ela para unificarmos critérios, carregarmo-nos de

enerxias, facermos máis rendíbel o traballo a defrontarmos no futuro. E viñemos para pormos en marcha os reactores que introducidos no povo fagan levedar a sua conciéncia nacional. É un simplismo afirmar a capacidade inata da sociedade para se transformar por si mesma. Non é que contradiga as leis da dialéctica. Entra en contradición cos postulados que rexen na física e na química. Non absorbemos auga cando aspiramos osíxeno e hidróxeno da atmosfera. Precisamos submeté-los á reacción adecuada para que dous gases que a cotio respiramos se convertan en líquido elemento. Dubidamos do provérbio árabe que aconsella sentar diante da porta para ver desfilar o cadáver do inimigo. Vale-nos por recoñecer o valor da paciéncia, nunca nunha interpretación que xustifique a pasividade. Diante da porta sentou o musulmán. Pero sempre agardou, e fixo ben, coa espada en ristre. ¿A onde quero chegar con esta digresión? Non abonda con que existan no povo as condicións necesárias para iniciar un proceso transformador. Se non existisen, seria pretensión ilusória suplir a caréncia co mesianismo, perigo en que caiu tantas veces o subxectivismo político. Pero dentro da sociedade coexisten outros elementos que poden impulsar o proceso nunha dirección diferente. Poñamos, portanto, en ristre as armas que nos salven do naufráxio na corrente, deixando-nos arrastar por ela. Se nos declaramos tributários dun pensamento que aspira a loitar en liña de vangarda, teñamos en conta que este papel non se interpreta nas trincheiras.

Fuxamos do localismo. É o noso un proxecto nacional, e máis que nacional, nacionalista. Exixe reconstruir e dar coesión á identidade colectiva desde os próprios alicerces. Sacrificar para isto os intereses dunha parte do país seria inxusto. Entorpecer conquistas nacionais interpondo rivalidades localistas é un suicídio. Quen menos aporta á demanda dos direitos que a Galiza pola sua condición lle corresponden, os máis reticentes á cesión de competéncias do Estado á Comunidade Autónoma, son os mesmos que impulsan o baleirado competencial das institucións galegas a prol das entidades de ámbito menor. As duas estratéxias responden a idéntica finalidade: por enriba e por abaixo, impedir que a nación se organice como tal.

Sigamos á frente, coa bandeira da liberdade izada no mastro da soberania nacional. Por defendermos a autodeterminación, somos inimigos da violéncia por princípio. Porque a conquista dun direito presupón a existéncia de cidadáns libres que podan exercé-lo. E a liberdade ten o suporte fundamental na paz. Un redentor armado está-se a converter nun redentor vencido. Se perdeu a esperanza na capacidade e na forza do seu povo para tronzar as cadeas que o aferrollan, ¿que diaño de povo pretende redimir? Até aqui, a nosa participación activa no combate ao terrorismo. Máis aló, as discrepáncias con aqueles que o utilizan para asestaren navalladas ao rival político, para carregaren nas costas do adversário un problema que foron incapaces de resolveren.

Rematemos. O século que agora comeza ten de recoller os froitos que o movimento nacionalista sementou na anterior centúria. Para moitos, a vitória consiste en entraren de comensais na mesa do poder, e levaren para a casa o que lle sobra na despensa. Para nós está en avanzarmos. Consolidar posicións para que o povo galego, reducido pola história a bon vasalo, teña moi pronto un bon señor.

¡Viva Galiza ceibe e popular!

Indice.

A. CONTEXTO ACTUAL DA PROBLEMÁTICA POLITICA DA NACIÓN GALEGA: FENÓMENOS E PROCESOS EN CURSO NO CONTORNO E MÁIS NA DINÁMICA SÓCIO-POLÍTICA INTERNA DE GALIZA. (Páx. 13-24).

A.1. Os procesos en curso no contexto mundial. (Páx. 13-17).
A.1.1. Eido sócio-económico: a "mundialización" (Páx 13-14).
A.1.2. Eido ideolóxico-político: "o pensamento único" (Páx 14-15).
A.1.3. Eido político-institucional: a substitución do "Estado-nación-social" polo "Estado-cosmopolita penal" (Páx. 15-16).
A.1.3.1. A nova relación hierárquica entre o poder lexislativo, executivo e xudicial (Páx.15-16).
A.1.3.2. A nova relación entre o poder económico, o poder político e a cidadania (Páx 16).
A.1.4. A resposta política e social ao proceso globalizador (Páx 16- 17).

A.2. Os procesos en curso no contexto europeu : A substitución do "modelo renano de capitalismo" polo "modelo neo-americano" (Páx. 17-20).

A.3. Os procesos en curso no contexto estatal (Páx . 20-21).

A.4. Os procesos en curso na dinámica sócio-política interna de Galiza (Páx. 21-24).
A.4.1. O papel de PP e da Xunta de Galiza neste contexto (Páx. 21-23).
A.4.2. A dinámica social (Páx. 23-24).

B. O NACIONALISMO E O FUTURO DO PAÍS: UN COMPROMISO RESPONSÁBEL CON GALIZA (Páx. 24-31).

B.1. A articulación dunha nova maioria social (Páx. 24-25).
B.2. A necesidade dun governo nacionalista para Galiza (Páx. 25-27).
B.3. Liñas mestras da acción de governo do BNG (Páx. 27-31).

C. A RESPOSTA ORGANIZATIVA PARA UNHA SITUACIÓN DE GOVERNO BNG (Páx. 31-33).

C.1. O noso papel na sociedade como suporte dun governo (Páx. 31-33).
C.1.1. Aspectos internos (Páx. 32).
C.1.2. Aspectos para a sociedade. (Páx. 32-33).

C.2. Relación do governo coa sociedade (Páx. 33).

A.-CONTEXTO ACTUAL DA PROBLEMÁTICA POLÍTICA DA NACIÓN GALEGA: FENÓMENOS E PROCESOS EN CURSO NO CONTORNO E MÁIS NA DINÁMICA SÓCIO-POLÍTICA INTERNA DE GALIZA.

A.1.- OS PROCESOS EN CURSO NO CONTEXTO MUNDIAL.

Os fenómenos e procesos en curso atinxen tres níveis ou instáncias da realidade: sócio-económico, ideolóxico-político e político-institucional.

A.1.1.- Eido sócio-económico: a "mundialización"

No eido sócio-económico, decorre o proceso de transnacionalización do capital e correlativa metamorfose da DIT (División Internacional do Traballo) e mais das relacións capital-traballo e poder económico-poder político que, na fase actual, reveste a morfoloxia do fenómeno que se deu en denominar mundialización ou globalización.

A transnacionalización como tal, xenericamente, vén de atrás. Acelera-se e muda cualitativamente durante o ciclo longo que comeza despois da IIª Guerra Mundial e que remata na crise que se abre a meados dos anos setenta. Nese período acontecen tres mutacións cardinais:

1ª) O ascenso das grandes corporacións transnacionais á posición hexemónica no tecido empresarial internacional.

2ª) A apertura de procesos de integración económica institucionalizada en mercados "comuns" de ámbito supraestatal, favorecedores da estratéxia do capital transnacional nos espazos obxecto de integración.

3ª) Unha transformación paulatina na estrutura das relacións centro-periféria dentro do sistema económico mundial.

Dentro desa transformación relativa, interesa-nos en particular un fenómeno que nos atinxe singularmente: a aparición ou amplificación de "periférias próximas" no interior dos espazos centrais do sistema, submetidas a dinámicas acumulativas e mutacións cualitativas crecentemente diverxentes das pautas modélicas do centro como tal.

Mais, na fase da mundialización, sobreveñen mutacións adicionais inéditas:

A) O ascenso á hexemonia das formas e os circuítos do capital-diñeiro (e, portanto, dos mercados financeiros) sobre os do capital-produtivo (capitalismo industrial).

B) A correlativa primacia das políticas monetárias sobre as políticas de desenvolvimento, tanto de países como de espazos supra-estatais integrados ou en proceso de integración (CEE-UE).

C) O deterioro ou rotura das pautas e métodos da "concertación social" nas relacións capital-traballo nas sociedades do centro do sistema –consecuéncia do tránsito

da hexemonia do capital-produtivo á do capital-diñeiro, e da imposición da lóxica do segundo ao comportamento do primeiro.

A existéncia de sócios dominantes (grandes transnacionais e banca internacional) e a imposición de regras de xogo asimétricas nas transacións económicas (produción, comércio, investimento, diñeiro, divisas, activos financeiros) por organismos como o FMI, o BM, a OMC, a OCDE, o G-7 ou a mesma UE, configuran un proceso mundializador hierarquizado, desigual, e con importantes consecuéncias, tanto cara á posibilidade de formulación dunha estratéxia de desenvolvimento autocentrado, acorde coas necesidades específicas de cada país, como no incremento da vulnerabilidade e inestabilidade das economias, da dependéncia, disfarzada de interdependéncia, por efeito das decisións adoptadas por axentes alleos, sen control posíbel sobre as mesmas. Asi, a frecuéncia, intensidade e extensión das crises financeiras, coa conseguinte repercusión na economia real, aumentan co paso do tempo, e non por casualidade ocorre que sexan os países en desenvolvimento máis integrados na economia mundial, os máis afectados.

Para nós, resultan de especial relevánci a as implicacións que se derivan da mundialización en termos de progresiva destrución das bases materiais e distorsión das estruturas económicas e morfoloxias sociais xenuínas das realidades nacionais, pois esas implicacións resultan especialmente graves cando se trata de nacións sen Estado e, por tanto, inermes no plano político-institucional por careceren de soberania política exercíbel cun aparello de Estado próprio.

A.1.2. Eido ideolóxico-político: "o pensamento único"

No segundo nível, o ideolóxico-político, asistimos á eclosión da ideoloxia ultraliberal erixida en monopólio do pensamento –"pensamento único"-. Trata-se dunha apoloxética que desterra o libre uso da razón no que se asentara intelectual e culturalmente até hoxe o ciclo histórico da modernidade. Unha apoloxética que entroniza o dogma do mercado como único princípio de poder incuestionábel e perdurábel para o funcionamento da orde social, por riba e fóra do alcance da soberania dos cidadáns e dos ámbitos do poder democrático institucionalizado, e que impón a "desregulación" xeneralizada da actividade económica "privada" e das correlativas relacións sociais (nomeadamente as laborais) e mais a mercantilización de todos e caisquer valores, mesmo que sexan bens sociais ou categorias axiolóxicas, ou sexa, valores morais.

O princípio da soberania do mercado exclui calquer pensamento discrepante. A argumentación e a discusión son substituídas pola proclamación e a intimidación na relación cos suxeitos reducidos á condición de súbditos por un poder que transmuta os instrumentos da *información* en poderes mediáticos de *comunicación* unidireccional, é dicer, de transmisión de preconceitos e consignas que fundamentan unicamente a sua veracidade na sistemática repetición.

Así, a substáncia de toda a cultura cívico-social democrática disipa-se para dar paso a unha nova caste de totalitarismo que impón ideoloxemas arraizados no darwinismo social, nunha dinámica social atomizada que exclui o princípio da cooperación e estimula a erradicación da vivéncia e do conceito mesmo de comunidade, e primordialmente de comunidade nacional, alvo prioritário dos ataques do pensamento único, por se ter revelado na história contemporánea como a forma de comunidade dotada de maior coesión e arraizamento na consciéncia social dos povos. Nestas coordenadas cobra pleno sentido a razón de ser das cruzadas do aparato ideolóxico ultraliberal nas nosas latitudes contra os nacionalismos emancipadores, correlativamente á exacerbación paroxística dos chauvinismos de Estado opresores como sucedáneo nunha dinámica perversa de alienación da cidadania.

A.1.3. Eido político-institucional: a substitución do "Estado-nación-social" polo "Estado-cosmopolita-penal".

No terceiro nível, o político-institucional, proxecta-se o correlato dos fenómenos e procesos que acontecen nos outros dous xa analisados, e traduce-se nunha metamorfose das superestruturas institucionais do poder político. Mentres se mantén formalmente, e mesmo se universaliza, o modelo de Estado estruturado conforme á consabida tripartición de poderes –lexislativo, executivo e xudicial-, a metamorfose opera-se, por unha banda, na articulación e hierarquia entre esas tres instáncias do poder, e pola outra, na relación triangular entre poder social (nomeadamente poder económico), poder político e cidadania.

A.1.3.1. A nova relación hierárquica entre o poder lexislativo, executivo e xudicial.

Neste plano está-se a operar unha auténtica subversión involutiva dos postulados democráticos en que se asentaba a orde hierárquica e as engranaxes entre os tres poderes: pasa-se dunha ordenación en que o lexislativo, expresión da soberania cidadá, sobranceaba sobre o executivo mentres o xudicial pairaba como árbitro independente, a unha disposición en que o executivo se independiza crecentemente do lexislativo e determina máis cada pouco ao xudicial.

Esta perversa metamorfose traslada-se de xeito máis descarado ás superestruturas supraestatais enxendradas nos procesos de integración económico-política hoxe en curso como a Unión Europea.

A Unión Europea é unha unión político-económica carente dunha Constitución e na que o poder lexislativo non está ostentado por unha cámara de representantes. É, asi mesmo, unha Unión Monetária en que a política monetária a deciden institucións independentes dos órgaos do poder político.

Igualmente traslada-se esa metamorfose ás institucións políticas construídas pola

"comunidade internacional" durante o longo período da chamada "guerra fria" a prol do indispensábel equilíbrio e interlocución entre blocos como acontece coa ONU.

A ONU, precisamente desde a implosión do bloco do Leste, resulta estar cada vez máis unilateralmente supeditada á hiperpoténcia USA e mesmo suplantada sen reparos, chegado o caso, por unha organización militar como a OTAN.

A.1.3.2. A nova relación entre o poder económico, o poder político e a cidadania

Neste plano, a metamorfose deu lugar a que o poder económico xa opere actualmente fóra do control do poder político (mercé ao combinado "desregulación máis privatización" xeneralizadas) e mais a que o poder político actue de facto á marxe do control democrático dos cidadáns, que se converten en súbditos controlados e dirixidos através dun poder mediático que desenvolve práticas de xenuína propaganda totalitária.

Cando poder económico e poder político sintonizan na mesma onda ideolóxica, chegamos a estar en presenza dun totalitarismo máis opaco, pero non menos eficiente, que calquer dos alumeados na recente história contemporánea da humanidade. Cando esa sintonia non chega a se dar, a presión do poder económico sobre o político pode chegar á chantaxe, agravada na sua eficácia polo deterioro dos resortes convencionais do poder institucional do Estado, ocasionado pola metamorfose descrita no primeiro destes dous planos. Nomeadamente, os resortes modélicos da acción institucional característica do Estado do Benestar, tais como as políticas orzamentária, monetária, fiscal e laboral, a política de rendas e redistribución, os servizos públicos e sociais de cobertura universalizada, e asi seguido. Entrementres, e paralelamente, recrudecen-se e afortalan-se os resortes e funcións medularmente represoras do poder político frente ao crecimento das masas de cidadáns prexudicados nas suas condicións sociais de existéncia pola perda dos instrumentos ou o abandono das funcións económicas, sociais e até culturais do modelo de Estado pre-existente.

En síntese, o proceso de metamorfose que se está a operar combinadamente nos dous planos devanditos conduce tendencialmente á *substitución do Estado-nación-social polo Estado-cosmopolita-penal.*

A.1.4.- A resposta política e social ao proceso globalizador

Mais o domínio económico, político e ideolóxico que caracteriza a mundialización é un proceso dialéctico, e está a provocar novas contradicións que se reflecten no aflorar de movimentos opostos á orde política e económica que a mundialización impón.

A influéncia dos nacionalismos en Europa e de movimentos anti-imperialistas nos países do chamado terceiro mundo ten no proceso antes descrito unha das suas explicacións fundamentais.

Nun proceso de crecente concentración do poder político e económico a escala planetária a sobrevivéncia de nacións inteiras, en canto que formacións sociais que se sustentan sobre unha base material, depende de que sexan capaces de se dotaren de espazos políticos próprios que permitan a estes países (é dicer, á sua língua, á sua cultura, á sua economia) estar en condicións de resistiren e "competiren" neste contexto.

Eis a razón do carácter obxectivamente democrático e anti-imperialista dos movimentos nacionalistas. Eis a razón da demonización do nacionalismo desde os centros do poder, sabedores de que os espazos de exercício da soberania nacional son diques á crecente concentración de poder político e económico.

Tamén no próprio centro do sistema están a xurdir alternativas nacidas no contexto da internacionalización como fenómeno histórico obxectivo que utilizando as novas capacidades de información e de organización existentes, reúne asociacións e forzas políticas, culturais, sindicais, ecoloxistas ou feministas que se resisten á loxica dos mercados, do diñeiro, da desigualdade e da exclusión.

Todos estes movimentos están a transcender dos espazos estatais. Significan un polo aínda nacente, en formación, con perfis aínda difusos e sen unidade programática alternativa a respeito da mundialización e as suas consecuéncias, mais que están a cobrar certa notoriedade através das diferentes mobilizacións celebradas con motivo das reunións das organizacións político-económicas de carácter mundial ou da UE (OMC, FMI, BM, Conferéncia sobre o cámbio climático da Haia, Consello Europeu de Niza...).

O BNG, partindo da consideración de que os nacionalismos son un elemento nuclear na configuración dunha alternativa democrática e anti-imperialista á nova orde imposta pola mundialización, prestará atención a estas correntes críticas.

A.2.. OS PROCESOS EN CURSO NO CONTEXTO EUROPEU: A substitución do "modelo renano de capitalismo" polo "modelo neo-americano"

O proceso de mundialización actualmente en curso xera un panorama avesio tanto no contexto estatal coma no da U.E., e tanto no comportamento das institucións políticas, canto na evolución da estrutura social, nos obxectivos e dirección dos procesos económicos, ou no deterioro do benestar cidadán. En palabras de analistas europeus actuais: *"Está a instalar-se un modelo de sociedade que varre ao seu paso aquilo que constituía o fundamento democrático dos nosos vellos países: o control*

cidadán das decisións políticas, control que se esvai ao paso que se esluen as diferenzas entre conservadores e progresistas. Esbarrulla-se un mundo sen que as xentes o decidan. Emergulla outro mundo sen que as xentes o discutan."

O mundo que se esbarrulla en Europa é o que se baseaba no denominado "modelo renano" de capitalismo, construído a raíz da IIª Guerra Mundial mediante a aplicación combinada do modelo teórico keynesiano e o fordismo, co centro de gravidade na esfera da produción e a cabeza nas políticas de redistribución da renda e da riqueza.

O modelo sócio-económico renano baseaba-se politicamente en dous peares:

A) Un acordo polo que o poder económico reservaba ao poder político un ámbito de actuación própria como "sector público" e lle confiaba unha función compensadora e redistributiva como Estado do benestar.
B) Un acordo entre o capital e o traballo, entre o empresariado e os sindicatos, en que ambos os dous apostaban pola "concertación social".

O mundo que emergulla esborrallando o anterior é o do denominado "modelo neo-americano". Impulsado politicamente pola administración Reagan en USA e pola Thatcher en Gran Bretaña, este modelo supón un retorno ao capitalismo selvaxe, que apresenta as seguintes características:

A) Centro de gravidade na circulación de capital e os mercados do diñeiro, e a sua cabeza na banca e outros intermediários financeiros internacionais, nos grandes fundos de pensións, nos fundos de alto risco (hedge funds) e corporacións de seguros, en moitos casos con intereses cruzados.
B) Substitución do critério da eficiéncia na produción (produtividade) polo da rendibilidade para os grandes proprietários de accións dos conglomerados transnacionais.
C) Imposición da desregulación total da economia mundial, da privatización do sector público, da precarización do emprego, da mercantilización dos servizos sociais, a sanidade, o ensino e os bens da ciéncia, da cultura e da información.

O BNG, que non ten como modelo económico o "modelo renano", interpreta que a nova situación se está a traducir nun retroceso nas conquistas sociais de enorme gravidade. A substitución dun modelo de capitalismo baseado no "pacto social" polo capitalismo selvaxe do modelo neo-americano está a traer como consecuéncia a pauperización que se estende nas sociedades opulentas do centro do sistema e o agravamento das condicións de dominación económica da sua periféria interna. Os poderes dese modelo neo-americano lideran a mundialización ou globalización, controlan o FMI, a OMC, a OCDE e o Banco Mundial. Eses poderes lanzaron-se ao asalto da Europa desde o portavións do thatcherismo británico nos anos oitenta, e

están a destruir desde os noventa o modelo renano na Unión Europea, e mais a torpedear o recén estreado euro.

Cumpre sinalar xa neste intre, como primeira referéncia de contraponto á situación interna de Galiza que nos ocupará máis adiante, que a política exercida e a propaganda ideolóxica utilizada polos governos Fraga neste decénio se dirixiu a actuar como cabalo de Troia do modelo neo-americano: no canto de organizar a defensa da economia e da cidadania deste país frente ao que se lle viña enriba, abriu as portas para que as forzas desa mundialización "entrasen a saco" no tecido empresarial galego, expropriasen ou bloqueasen os grupos autóctonos agro-industriais, mar-industriais, industriais a secas, ou enerxéticos, desmantelasen ou esganasen os sectores e ramos de produción máis cruciais para o desenvolvimento da nosa economia e o progreso do noso benestar, exterminasen o campesinado, mallasen nos comerciantes e recolonizasen a nosa cultura.

O BNG fixo prognósticos que os feitos se encarregaron de corroborar. Primeiro, cando en Maästricht Europa optou por ser unha unión monetária antes que unha integración económica, despois cando a Europa oficial celebrou con eufória a entrada en vigor do euro e mesmo no tocante á evolución do euro frente ao dólar.

Europa sacrificou-no case todo a unha estratéxia concentrada no terreo de xogo da globalización financeira; en criar o euro para lle botar o pulso ao dólar dentro dun SMI en que a divisa patrón é o próprio dólar, e que val o que decidan pola sua conta os EE.UU. A esa estratéxia temerária a U.E. sacrificou a utilización dos orzamentos públicos para xerar emprego e demanda global; a política de desenvolvimento equilibrado; sectores socialmente cruciais da base produtiva europea (o agro, o tecido comercial e grande parte do pequeno empresariado); a política social; a redistribución da renda; a fiscalidade xusta e progresiva; o control dos prezos da enerxia e dos carburantes; enfin, os resortes todos do benestar social. E sacrificou con especial crueldade os países que somos periféria, como Galiza, que pagamos en perda de producións, ingreso e riqueza, moito máis do que recebemos dela en subvencións.

Mais esa demolición, nun espazo coa cultura cívica e política de Europa, só se pode consumar trocando a democrácia para operar unha metamorfose do Estado. Por unha banda, subverter a hierarquia das institucións políticas, como xa asinalámos, para que o poder executivo poda actuar impunemente á marxe do control cotidiano dos cidadáns. Por outra banda, aplicar a consigna ultraliberal de "menos Estado" cada vez, nas suas funcións de política económica e social, mentres se opera "máis Estado" cada vez nas funcións de control e castigo dos cidadáns que non foren dóceis. Exactamente o que os governos do PP levan dez anos a facer en Galiza e catro anos no Estado español. Canto máis abandona o Estado a regulación da eco-

nomia e a cobertura do benestar, máis medran a desigualdade, a pobreza, a fractura social e o malestar cidadán. Daquela, máis duro se fai o poder, recortan-se as liberdades, castiga-se a discrepáncia, demoniza-se a disidéncia, penaliza-se o paro e a pobreza, criminaliza-se a marxinación. No Estado e en Galiza, ese proceso está en curso e acadará o seu ponto de destino se non o impedirmos os cidadáns exercendo como tais.

A.3. OS PROCESOS EN CURSO NO CONTEXTO ESTATAL

Boa parte das incógnitas que o BNG expuña na pasada primavera a respeito do poder do PP na Galiza e no Estado e da sua índole sócio-política e ideolóxico-política, poden-se considerar despexadas en boa medida pola evolución da prática dese poder.

Resulta patente á altura de hoxe que, no Estado, non se exerce unha simples maioria absoluta, senón unha maioria totalitária; que non estamos en presenza dunha democrácia conservadora senón dunha metamorfose do fascismo; que non padecemos unha agudización do xacobinismo, senón unha exacerbación do imperialismo españolista; que non sofremos unha agravación da dependéncia, senón un recrudecimento do colonialismo interior ou intra-Estado e cosmopolita ou intra-U.E. e ianqui; e que o poder do Estado non actua con incomprensión a respeito das cuestións nacionais que o configuran como plurinacional, senón que desencadea unha feroz ofensiva, fanática e xenófoba, con vista á demolición non só das forzas nacionalistas senón das realidades nacionais de Galiza, Euzkadi e Catalunya.

A actual situación política, derivada da intoleráncia e prepoténcia anti-democráticas praticadas polo Governo do PP, e mais da ofensiva xenófoba anti-nacionalista acometida polo poder e mais o aparello de Estado, obriga-nos a unha dupla liña de acción en relación coa política do Estado:

1ª) Continuar a realizar a prática política que nos é própria, consolidando-nos como referente progresista no cenário estatal, afortalando a nosa presenza institucional, impulsando a nosa presenza social e ampliando a nosa incidéncia política en Galiza, de forma que podamos acceder ao Governo da Xunta, para estabelecer, desde unha posición de maior peso, unha interlocución clarificadora e/ou reivindicativa tanto coas institucións do Estado como coas forzas políticas de ámbito estatal alternativas ao PP.

2ª) Consolidarmos, ampliando-o e afortalando-o, o foro Galeuzca, integrado polos asinantes da declaración de Barcelona, como plataforma desde a que reivindicarmos conxuntamente con outras forzas nacionalistas o cámbio da estrutura institucional do Estado, sen esquecermos o perfil específico e as necesidades de Galiza.

Nesta situación, non nos debe parecer irrelevante o feito de que a posición política progresista, anti-imperialista e anti-fascista do BNG resulte un referente clarificador sobre o papel e función do nacionalismo galego para sectores significativos da cidadania do Estado.

Perante a ofensiva criminalizadora e lapidadora do poder do Estado, utilizado polo Governo do Partido Popular contra os nacionalismos periféricos, só o avanzo en cada unha das nosas nacións e a consolidación dun mecanismo comun de defensa política poderá protexer-nos da aniquilación e contribuir ao avanzo da loita polo recoñecimento do carácter plurinacional do Estado español.

A.4. OS PROCESOS EN CURSO NA DINÁMICA SÓCIO-POLÍTICA INTERNA DE GALIZA

A.4.1.- O papel do PP e da Xunta de Galiza neste contexto

Hai vinte anos desde o início do proceso autonómico, e neste período pudemos constatar que na Galiza a autonomia foi usada como prolongación da política do Estado. Os sucesivos Governos da Xunta non utilizaron as competéncias autonómicas para defenderen a especificidade do país, a sua diferenza e a reivindicación dos próprios intereses. Simplesmente, os governos autónomos limitaron-se a aplicar a política de Estado na Galiza sen ampararen os sectores sócio-económicos do país frente aos deseños externos que lles eran prexudiciais nen impulsaren decididamente a transformación de Galiza en función dos intereses da maioria da nosa sociedade.

Esta conduta chegou á sua culminación no "período Fraga". Os governos de Fraga Iribarne, desde o seu acceso á Presidéncia da Xunta en 1989, actuaron servilmente cos ditados dos sucesivos governos de España, e de forma moi especial cos governos do PP. Semellante conduta non fixo máis que privar de perfil político próprio o Governo galego. Do ponto de vista de Galiza, o Governo Fraga foi un dos maiores obstáculos para criar un perfil político de Galiza e da sua autonomia que beneficiase o seu peso dentro do Estado español e no concerto europeu.

As consecuéncias canto á ubicación política de Galiza no Estado e na UE con esta dinámica dos governos do PP foron basicamente duas:

A) A autonomia non foi utilizada como amparo ou instrumento para se opor, modificar, ou matizar, as políticas negativas que do ponto de vista económico se aplicaron desde Bruxelas ou desde Madrid.

B) A función de Galiza dentro da estrutura política do Estado español non é a que lle cumpriria como nacionalidade histórica, xa que nunca se acreditou na autonomia como vontade de autogoverno, senón como mera descentralización político-administrativa.

Cos governos do PP na Galiza contribuiu-se para que o mapa político do Estado español estivese constituído por quince autonomias, por unha banda, entre elas Galiza como se for unha simples rexión, e, pola outra, duas nacionalidades históricas con aspiracións de seu e tratamento da sua problemática tirando todas as potencialidades dos seus Estatutos de Autonomia (Catalunya e Euzkadi). Paradoxalmente, é Galiza, das tres nacionalidades históricas, a que ten máis necesidade do autogoverno para subsistir, a que constitui unha realidade específica moi singular que nunca é contemplada para ben na política xeral do Estado. Paradoxalmente, é Galiza, das tres nacionalidades, a máis prexudicada pola forma en que se produciu o proceso de integración nas comunidades europeas.

Este papel do PP na Galiza fai-se ainda máis evidente desde o acceso do Partido Popular ao Governo do Estado:

A) O poder instalado na Xunta descobre impudicamente e con absoluta impunidade a sua faciana ideolóxica reaccionária e antidemocrática até hai pouco enmascarada de galeguismo ben entendido e paternalismo autoritário: Fraga xa non se molesta en ocultar ou disimular as suas queréncias atávicas pola eficácia dos tiranos e os xenocidas, ademais doutros posicionamentos elocuentemente sintomáticos.

B) Igualmente patente se fai o papel verdadeiro das institucións autonómicas ocupadas polo PP de Fraga: ***subversión das funcións institucionais estatutárias para facé-las operar á inversa da sua finalidade política.***

C) A Xunta de Galiza é hoxe, máis que nunca, un simples apéndice do Governo central. A sociedade galega pode comprobar cal foi o resultado de contar cun governo catalogado como "amigo" pola Xunta de Galiza. Os sucesivos orzamentos do Estado son elocuentes no trato con Galiza. Asi, o investimento médio por habitante é sensibelmente inferior á media estatal, mentres Galiza é a única comunidade autónoma que debe participar cos seus fundos para actuacións que son competéncia e responsabilidade absoluta do Estado, coa total cumplicidade da Xunta de Galiza.

Os prognósticos aventurados polo BNG a este respeito están a resultar corroborados polos feitos máis axiña e con maior rotundidade do previsto.

O PP representa hoxe máis que nunca unha política prexudicial que provoca graves desequilíbrios na sociedade galega e na sua economia. Representa un partido que pratica unha política sen horizonte próprio para o país. Isto é, non despexa nengun dos interrogantes que sobre o seu futuro ten a sociedade galega. Só aspira a se reproducir sen lle importar se o rumo de Galiza é adecuado para poder subsistir e mellorar, con consciéncia e identidade de seu, nun marco internacional máis que problemático. É preocupación e obxectivo do Bloque Nacionalista Galego endireitar o rumo do país, dotá-lo de instrumentos de defensa próprios e lograr a sua aparición digna, con todos os seus direitos, no contexto da Península Ibérica, de Europa e do mundo. Podemos afirmar sen complexos que os avanzos que nos últimos anos puideron producir-se para considerar Galiza como unha nacionalidade histórica e inverter o rumo histórico do país deberon-se aos esforzos do nacionalismo galego.

A.4.2.- A dinámica social

Frente á dirección do proceso político e sócio-económico imposto desde os poderes dominantes existe na sociedade galega unha poderosa corrente de fundo de mutación e transformación social en positivo, que redunda en avanzo e modernización económica, axiolóxica e cultural do país, e en recuperación e profundización das suas raigañas. Sen ela, Galiza teria-se colapsado nos dous últimos decénios, singularmente no último.

Contodo, esa corrente de transformación non atravesa de maneira homoxénea nen adquire a mesma dimensión nos distintos planos en que se desenvolve a problemática da existéncia cidadá, sexan estes a estratificación social, a estrutura económica, a morfoloxia territorial, o universo cultural, a esfera ideolóxica ou o imaxinário colectivo – incluída a consciéncia nacional-. En todos eles se manifesta unha marcada dualidade, cunha dinámica dialéctica que se agudiza cada pouco e profundiza o foxo que escinde a cidadania neses diferentes planos de proxección da sua existéncia. Mais non existe unha correlación uniforme entre as posicións dos cidadáns neses diversos planos. E, en concreto, non existe tal correlación coa sua proxección no comportamento eleitoral en claves nacionalista/españolista, ainda que a corrente de fundo transloce tendencialmente: de aí o proceso de ininterrompido ascenso eleitoral do BNG.

Esta é unha dinámica e dialéctica que podemos e debemos quebrar na sua tendéncia, através dunha maior presenza social do nacionalismo, de achegar con máis eficácia aos sectores afectados unha explicación das causas dos problemas que padecemos en relación cos factores políticos en xogo, sobretodo a carénciа de soberania política, e incrementando a nosa posición de lideranza politica e social das diferentes problemáticas.

Unha parte da morfoloxia desa polarización dual corresponde-se coas pautas de fenómenos actualmente en curso a nível europeu ou mesmo planetário, xa descritos. Mais outra parte desa morfoloxia da polarización dual é peculiar, e está concatenada coa fasquia xenuína e a específica idiosincrásia da cuestión nacional galega –tanto como realidade canto como problema político-. De aí que, para os fenómenos incardinados na mundialización, cumpra termos en conta as análises e propostas elaboradas nas coordenadas da esquerda emancipadora e alternativa a nível mundial, ainda que para os aspectos e fenómenos xenuínos só sirva a produción própria do nacionalismo progresista galego no pensamento e na praxe ideolóxico-política.

En todo o caso, *para o BNG, o reto estriba en manter a conexión coa corrente de fundo xa asinalada, en construir pontes entre* ela e os segmentos da cidadania que até hoxe fican á marxe , *e en irradiar e abranxer unha maioria social nun proxecto que teña o seu cerne nas forzas motrices que xeran os focos máis dinámicos da sociedade e o seu cerebro colectivo na consciéncia social da própria identidade nacional.*

B. O NACIONALISMO E O FUTURO DO PAÍS: UN COMPROMISO RESPONSÁBEL CON GALIZA

B.1.- A ARTICULACIÓN DUNHA NOVA MAIORIA SOCIAL

Urxe un cámbio de rumo na política galega. O BNG non pratica o vitimismo senón que denúncia unha situación, rebela-se contra ela e quer usar dos instrumentos constitucionais ao seu alcance para inverter o rumo desta política. É posíbel facé-lo, mália vaia ser un camiño non isento de dificuldades. Pero está claro que existe a oportunidade e debemos traballar para facer uso dela. Será a mellor maneira de demonstrar, con todos os condicionantes e relativismos que se quixeren, que existe outra maneira de governar. Amplos sectores sociais do país comparten esta necesidade. Deber noso é respondermos a esta esperanza e combatermos con todos os meios ao noso alcance para que as institucións de representación democrática do país sirvan para ampararen e impulsaren os seus intereses.

O 22 de Xuño do 2000, o BNG facia pública a sua oferta de compromiso coa sociedade galega sintetizada no manifesto "Un compromiso responsábel co noso país". Neste manifesto facíamos unha diagnose asisadamente optimista do dinamismo e vitalidade da sociedade galega para desenvolver as capacidades do país e modificar o seu "status" no concerto estatal e europeu, denunciábamos o papel obstrucionista do poder estabelecido para o avanzo deste proceso e facíamos, finalmente, un chamamento á cidadania para manter unha interlocución aberta co BNG dirixida á asunción e concreción dun proxecto en comun e dos seus obxectivos por unha grande maioria social.

O BNG, comprometia-se, pois, a ser:

A) Garante e impulsor dos procesos e dinámicas positivas existentes na sociedade.
B) Criador e catalizador dun proxecto integrador –o proxecto en comun-.
C) O líder dun proxecto político con tres referentes cardinais: democrácia, dignidade e progreso con benestar.

O BNG fixa-se, xa que logo, como obxectivo artellar unha nova maioria social que sirva de suporte político ao cámbio de rumo que Galiza necesita. Neste obxectivo serán eixos de traballo básico do BNG até as vindeiras Eleicións ao Parlamento de Galiza:

A) A elaboración e divulgación dun Programa de Governo consecuente coa situación actual, ferramenta básica para governar todos os sectores do país.
B) A interlocución permanente coa cidadania e a sociedade facendo-nos eco das suas demandas e facendo-as co-partícipes das nosas propostas.
C) O impulso decidido dos governos municipais nacionalistas, de xeito que a sua acción de governo consolide e incremente a credibilidade do BNG como opción de governo na Xunta.

B.2. A NECESIDADE DUN GOVERNO NACIONALISTA PARA GALIZA

O BNG representa hoxe en dia a opción necesária de governo para Galiza e compromete-se a traballar en comun cos diferentes sectores da sociedade galega para articular a nova maioria social que faga posíbel o cámbio de rumo que o país demanda.

Galiza ten de acadar un status que lle permita despregar as suas potencialidades (económicas, sociais e culturais), é dicer, converter a poténcia en acto. Para iso precisa:

1) Dispor de deseños pensados desde dentro dela mesma.
2) Sintonizar e articular o poder político cos elementos vertebradores da economia, as relacións sociais, o coñecimento e a cultura.
3) Utilizar ao máximo os poderes e atribucións competenciais das institucións políticas próprias (hoxe autonómicas) sen condicioná-las a "razóns de Estado" do poder central español.
4) Definir unha estratéxia e desenvolver unha política de Estado no cenário do Estado Español e da Unión Europea e naqueles cenários en que Galiza tiver intereses políticos, económicos, sociais ou culturais .

Governar é xestionar con eficiéncia os recursos públicos ao servizo dos cidadáns, máis **governar** tamén é, e sobretodo, **desenvolver un proxecto político,** operar paso a paso mutacións que fagan avanzar a sociedade na transformación das relacións e condicións de existéncia social dos cidadáns e mais nun persistente ascenso do nível de consciéncia de identidade própria colectiva – de consciéncia nacional- na consciéncia social da cidadania galega.

Somos conscientes das limitacións constitucionais que conleva o marco autonómico. Ainda máis, constatamos que as leituras constitucionais positivas para o desenvolvimento da autonomia como autogoverno están condicionadas sempre por quen governar no Estado e as suas necesidades de apoios conxunturais nos partidos nacionalistas, como ten demonstrado tamén a experiéncia dos últimos vinte anos. Mesmamente, sabemos que o actual proceso de transnacionalización dificulta sensibelmente o exercício das competéncias teoricamente recoñecidas nos Estatutos.

Porén, unha sociedade como a galega nunca foi governada facendo uso das potencialidades, maiores ou menores, que habia no marco competencial autonómico, se se utilizar a prol do próprio país. Nunha palabra, se se utilizar para beneficiá-lo, optimizando os meios que fornece. Neste aspecto, temos a certeza de que un governo nacionalista na Xunta de Galiza terá un papel cualitativo diferente a todos os que o noso povo padeceu durante estes vinte anos. Mesmo, no actual contexto de involución na politica do Estado a respeito dos direitos das nacións, o acceso do nacionalismo galego ao governo da Xunta será un contrapeso de extraordinária importáncia para forzar a corrección desta situación.

Un governo nacionalista é chave para contribuir a impulsar a vertebración de Galiza. Isto é, para criar unha consciéncia colectiva o máis ampla posíbel en función duns obxectivos políticos praticábeis a curto prazo e dirixidos a unha transformación das formas de funcionamento interno da sociedade e da forma de se relacionar Galiza co resto do Estado e do mundo. Un governo nacionalista contribuirá a criar unha vontade social con aspiración de protagonismo político en función dunha idea do país verificábel, ainda que sexa con problemas e dificuldades. Un governo nacionalista significa acreditar en que somos quen de mellorarmos a nosa própria realidade e de que confiamos nas nosas próprias forzas e nun convívio digno cos outros povos do Estado.

Este Governo nacionalista será un dos principais instrumentos de apoio e amparo dos sectores económicos estratéxicos, de todos aqueles que investen en economia produtiva. De todos aqueles que aspiran a que se poda viver do próprio traballo na própria terra. Será un elemento vital para impulsar unha cultura acorde ás necesidades internas, capaz de integrar na nosa realidade nacional e de nos proxectar a escala internacional. Será o elemento vertebrador duns servizos públicos consoantes coa realidade social, cultural e lingüística de Galiza e coa sua estrutura territorial. Pero non só constituirá un elemento básico no traballo para modificar as nosas condicións de existéncia material, senón que será un elemento democratizador da sociedade galega.

A democrácia consiste en recoñecer o protagonismo da sociedade e o seu pluralismo. Respeitá-la é governar coa consciéncia de que somos indivíduos pertencentes a unha colectividade determinada. Interpretar a problemática desta colectividade determinada, procurar-lle solucións, sempre para modificar positivamente o seu estado, forma parte dunha ósmose entre sociedade e institucións de governo. Cando un governo acredita nas potencialidades do seu próprio país e se esforza por desenvolvé-las contando con que hai que organizar e reforzar a sociedade que o sustenta, ese governo pratica a democrácia. O Bloque Nacionalista Galego acredita en que Galiza é unha nación e ten demonstrado que está disposto a tirar proveito das suas potencialidades. Esta convicción é ademais unha garantia de protagonismo democrático e de dignidade colectiva do povo galego, canalizado através das suas institucións representativas, en todas as esferas da vida pública, dentro e fóra do próprio país.

O Bloque Nacionalista Galego asume os seguintes compromisos para acadar a democratización real da vida social e política de Galiza:

A) Exercer o poder autonómico praticando o diálogo coa sociedade e as suas organizacións vertebradoras, potenciando a sua participación.

B) Dotar o Parlamento galego do máximo relevo na vida política como expresión fundamental da vontade da nosa sociedade e do pluralismo democrático.

C) Rematar coa dependéncia clientelar e caciquil de moitos sectores da sociedade, facendo das institucións representativas modelo de transparéncia e de respeito polos direitos cidadáns.

D) Pór os meios de comunicación de titularidade pública ao servizo da sociedade galega, da sua língua e da sua cultura, asi como dunha información plural que priviléxie a información sobre a realidade de Galiza e a sobre a Humanidade desde nós.

E) Garantir o direito ao uso social do idioma galego, impulsando a sua restauración xeracional, co estabelecimento dunha real oficialidade nas administracións públicas.

Eis as razóns por que nesta conxuntura acadar un Governo nacionalista para Galiza é un obxectivo primordial.

B.3. LIÑAS MESTRAS DA ACCIÓN DE GOVERNO DO BNG

En congruéncia co anteriormente exposto, as liñas mestras que orientarán a acción do BNG no governo galego serán as seguintes:

- **Defensa do direito a producir.** Un compromiso decidido e forte coa defensa dos sectores básicos da economia galega que na actualidade atravesan por procesos críticos, ben for por causas puramente políticas, como as restricións impostas pola UE ao desenvolvimento dos sectores agro-gandeiro e pesqueiro, ou por motivos relacionados coa redefinición sectorial da división internacional do traballo, como é o caso do desmantelamento do sector da construción naval na Galiza.
- **Un impulso industrializador.** Galiza non se pode permitir que continue o retroceso do seu sector industrial; é obriga moral do governo galego, e constitui un compromiso explícito do BNG, aplicar as políticas necesárias para incrementar e diversificar a produción industrial no país, con apoio e estímulo ao capital privado e coa presenza directa do capital público galego nos sectores estratéxicos e naqueles onde a iniciativa privada foi insuficiente.

  Este impulso debe estender-se tamén ás **novas tecnoloxias,** tanto na vertente pro-

priamente industrial como de servizos, garantindo a presenza de Galiza nas novas pólas de actividade e de coñecimento.

Promoverá-se a diversificación produtiva mediante o emprego de tecnoloxias que minimicen o impacto ambiental e o fomento das producións ecolóxicas.

- O Governo galego orientará a sua política económica **en función do emprego,** estabelecendo a criación de emprego neto de carácter estábel, a mellora das condicións de traballo, e o aumento da taxa de actividade, como obxectivos prioritários da sua política económica. Consideramos que Galiza debe ser quen de ocupar todos os galegos e galegas que estexan na procura de emprego, pondo fin a novas formas de emigración que se están a producir na actualidade. É urxente frear o empioramento das condicións de traballo, que ten un dos seus reflexos máis tráxicos no crecimento desmedido da sinistralidade laboral.
- O proceso de **desenvolvimento económico deberá ser equilibrado, social e territorialmente,** de xeito que se mellore a xustiza redistributiva e se procure unha distribución máis equilibrada da población que poña freo ao desmantelamento do meio rural.

  Asemade, o proceso de desenvolvimento deberá ser sustíbel no tempo e, xa que logo, necesáriamente **respeitoso co meio ambiente e coa saúde** e coa conservación do património natural. O Governo galego desenvolverá políticas de saneamento integral das rias e dos rios galegos, limitando os usos incompatíbeis coa conservación da sua riqueza natural e produtiva, e aplicará un xiro radical da política forestal, de xeito que o país deixe de ser exclusivamente fornecedor de matéria prima para a indústria do papel e se acade a conservación e mellora do património forestal e a posta en valor dos nosos recursos. O Governo impulsará, con carácter prioritário, políticas para reducir a xeración de resíduos sólidos urbanos e promoverá a reutilización e os tratamentos de reciclaxe e compostaxe.
  O proceso de desenvolvimento de Galiza terá ademais como unha das suas prioridades a produción própria de enerxia e o emprego da suficiéncia enerxética para a transformación da economia e da sociedade galega. O Governo galego impulsará a utilización racional das enerxias renovábeis.
- A consecución da **igualdade real** entre as persoas, con independéncia do seu xénero, será un obxectivo básico e transversal da totalidade dos departamentos do Governo galego, que procurará a desaparición de toda caste de marxinación das mulleres no mercado de traballo e impulsará políticas de **acción positiva a favor do emprego feminino e da corresponsabilidade doméstica dos homes.** O Governo galego porá todos os seus meios ao servizo do combate contra a violéncia, de calquer tipo, exercida sobre as mulleres, e utilizará a sua capacidade legal-institucional para impulsar medidas concretas de integración social e pública das mulleres.

- A acción do Governo empeñará-se decididamente **na restauración social e pública dos usos da língua galega;** garantirá o direito ao uso público do galego en todas as esferas do país, combatendo as discriminacións e restricións actuais e posibilitando o desenvolvimento dunha vida normal usando a nosa língua.
- O Governo galego defenderá o **carácter público e a cobertura universal** dos servizos básicos. O ensino público, ao igual que a sanidade, será promovido como garante de coesión social e da igualdade de oportunidades.
- O Governo galego empeñará-se en fornecer servizos básicos de auga, enerxia, saneamento e comunicacións a toda a povoación galega. Dedicará especial atención a acabar coas deficiéncias do subministro de enerxia eléctrica en moitas zonas do país e controlará a calidade das distribución das empresas eléctricas.
- O Governo galego impulsará unha política conducente á revitalización do comércio autóctono e á sua potenciación como via privilexiada para a comercialización dos produtos e servizos xerados en Galiza. O governo galego reivindicará as competéncias exclusivas de Galiza nesta matéria e modificará o marco lexislativo actual.
- A consecución de **maior autonomia fiscal e financeira** é condición necesária para sentar as bases do desenvolvimento económico. O Governo galego defenderá no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira do Estado a reforma do actual modelo de financiamento autonómico, no sentido da criación dun novo modelo que proporcione ás nacionalidades suficiéncia para afrontar as suas obrigas estatutárias e as aspiracións de autogoverno dos respectivos povos.

  A reforma do modelo de financiamento ha de se caracterizar por maiores cotas de participación de Galiza na definición, xestión e recadación do conxunto dos tributos que compoñen o sistema fiscal estatal, e deberá integrar o financiamento do sistema sanitário. O Governo galego defenderá, igualmente, a reforma do modelo de financiamento municipal, de xeito que se incremente a participación dos concellos nos Ingresos do Estado, e que os critérios de reparto entre os concellos sexan estabelecidos por lei do Parlamento de Galiza.
- O Governo galego asumirá efectivamente e **desenvolverá o conxunto das competéncias contidas no Estatuto** e adoptará cantas medidas foren necesárias para evitar a invasión das suas competéncias por parte do poder central. Asemade, o Governo galego invocará o Artigo 150.2 da Constitución para a asunción de novas competéncias, inicialmente atribuídas ao Estado, necesárias para o desenvolvimento económico, político, social e cultural do país.
- O Governo galego adoptará, con carácter urxente, medidas que garantiren un trato igualitário a todos os cidadáns en todos os níveis da administración, dentro dun

plano que acadará unha verdadeira **democratización da administración** galega.

No campo institucional o Governo galego desenvolverá un proceso paulatino de **comarcalización** e efectivizará o mandato estatutário de coordenación das Deputacións.

- O Governo galego procurará un consenso social e político arredor dun modelo de ordenación do território que, sen renunciar aos novos reptos, respeite os valores esenciais do território, compatibilice os distintos usos do solo, dé respostas ás necesidades da población e permita un proceso de desenvolvimento económico equilibrado territorialmente.
- No que atinxe ás infraestruturas, a vertebración territorial do país constituirá o eixo definidor das políticas do Governo galego. En relación coas competéncias do Estado na Galiza, defenderá a execución dun **Plano Ferroviário para Galiza,** na liña do aprobado por unanimidade no Parlamento Galego no ano 1995, co horizonte da sua execución íntegra no ano 2006.

  A respeito doutras infraestruturas vertebradoras defenderá a non exclusión nen discriminación de nengunha das principais comarcas do país. Defenderá o carácter gratuíto de todas estas novas infraestruturas. O Governo de Galiza potenciará a implantación e utilización das distintas modalidades de transporte colectivo.
- O Governo galego reclamará a inclusión de Galiza, antes do 2006, nas redes estatais e europeas de **alta velocidade.** Reclamará unha maior participación na xestión dos portos de interese xeral e dos aeroportos da Galiza, para articular un sistema integral de infraestruturas de comunicación. O Governo galego priorizará as comunicacións con Portugal.
- O Governo galego estabelecerá unha política de vivenda que facilite o acceso á mesma das persoas con menos recursos, tomando en consideración as necesidades de segmentos da povoación específicos, como a mocidade ou as persoas maiores.
- O Governo Galego desenvolverá unha política dirixida a impulsar a revitalización demográfica de Galiza en base ao desenvolvimento integral do país que propicie a inserción laboral de galegos e galegas emigradas, favorecendo o seu retorno, e que garanta a cobertura social necesária para incrementar a taxa de natalidade (gardarias, comedores, etc.).
- O Governo considerará prioritário o **impulso da cultura galega** en todas as suas manifestacións, como forma de expresión da capacidade do povo galego e da sua especificidade, nas actividades artísticas, de lecer e ócio, e científicas en xeral. A este respeito, consideramos os meios de comunicación de titularidade pública un veículo esencial.

- O Governo galego atenderá as **necesidades específicas da mocidade,** en matéria de educación, vivenda e emprego, favorecendo a participación directa dos mozos e mozas na definición destas políticas.
- O BNG potenciará a mellora dos servizos sociais, entendidos como parte do sistema público de benestar. A **atención e o respeito polas persoas maiores** será unha das características básicas da acción de governo do BNG, que se reflectirá no incremento das prazas de residéncias e na mellora das pensións asistenciais. Tamén comprenderá a oferta de posibilidades de desenvolvimento persoal, tais como accións formativas, artísticas, culturais, de ócio, etc.

  Asemade, consciente da situación en que viven moitos galegos e galegas no exterior, o Governo galego proporcionará **mellores prestacións ao colectivo emigrante.** Ao mesmo tempo, desenvolverá-se unha política de integración a respeito dos imigrantes, que combata procesos de exclusión que puderen aparecer.

  Estas liñas mestras da orientación política do governo axudarán a reforzar a identidade da sociedade galega como povo, como nación.

C. A RESPOSTA ORGANIZATIVA PARA UNHA SITUACIÓN DE GOVERNO BNG

Unha vez sentada a importáncia que para o futuro do noso País ten un governo nacionalista, as circunstáncias sócio-políticas nos contextos mundial, europeu e estatal, asi como as limitacións obxectivas do marco autonómico, trata-se de encarar as necesárias reflexións, conclusións e propostas de medidas que permitiren a optimización de todo o noso traballo político orgánico e da nosa influéncia na sociedade galega con vista a un exercício responsábel da encomenda de sermos o suporte político dun governo constituído en base a un apoio parlamentar dunha maioria hexemonizada polo Grupo do BNG.

Este acceso do Bloque Nacionalista Galego a unha situación de governo da Xunta vai exixir da nosa Organización un enorme esforzo para asistir con éxito a este repto que como responsabilidade colectiva debemos asumir todos e todas as militantes nacionalistas.

C.1. O NOSO PAPEL NA SOCIEDADE COMO SUPORTE DUN GOVERNO

A asunción de responsabilidades de governo implica, en primeiro lugar, sermos conscientes da confianza que a vontade popular deposita na nosa Organización e capaces de aplicarmos o programa de governo por que recebemos o apoio eleitoral, ao tempo que aproveitarmos a nosa acción de governo para detectarmos aqueles aspectos da nosa política estratéxica que integre implicitamente o mandato popular e inducirmos procesos de avanzo neste sentido.

Un governo do BNG ten de representar a vontade de acción de governo dunha nova maioria social mediante a posta en prática de medidas que resultaren beneficiosas para o conxunto dos cidadáns.

O BNG ten de asumir o seu papel de impulsar, propiciar e axudar todos os procesos que expresaren a vontade de acción da nosa sociedade cara á sua auto-organización. Somos unha organización cun proxecto para todos os galegos e galegas e que estamos dispostos a contrastarmos nunha interlocución directa con aqueles segmentos da sociedade que estiveren a prol dun governo galego merecente de tal nome e que aplique políticas deseñadas desde, por e para Galiza, en función das nosas necesidades colectivas.

Estes compromisos e esta vontade política implican:

C.1.1.-Aspectos internos

A) Reactivar e revitalizar a Organización, co obxectivo de contarmos cunha militanza máis formada, preparada, activa e numerosa, coñecedora do proxecto global do nacionalismo e do noso papel na sociedade galega como forza política para actuar socialmente e como forza de governo.

B) Aperfeizoar os procesos de información, debate, criación de estados de opinión e tomada de decisión, afortalando o respeito do ámbito de debate e tomada de posición própria do BNG, implicando a militanza nos mesmos.

C) Reforzar a autoridade democrática, a eficácia e a executividade dos órgaos e cargos políticos de dirección a todos os níveis.

D) Interrelacionar con maior eficácia o traballo social e a actividade institucional, cunha maior adecuación dos órgaos do BNG ás novas responsabilidades de governo.

E) Facer un esforzo de análise, diagnose e elaboración de todo o tipo de traballo de coñecimento da realidade do noso País, especialmente aqueles que puderen servir para unha mellora da comprensión e axuste das cuestións que implicaren unha tomada de decisión governamental.

C.1.2.- Aspectos para á sociedade

A) Potenciar e afianzar, co máximo respeito á soberania de cada organización, marcos de cooperación coas organizacións sociais nacionalistas. Contribuir a ampliar e enraizar estas organizacións e promover a participación e o traballo da militanza do BNG nas mesmas.

B) Estabelecer cada vez máis unha interlocución máis intensa e directa con aqueles axentes sociais e segmentos da sociedade galega máis dinámicos e comprometidos con deseños próprios para Galiza e aqueles, coincidentes ou non, máis

directa e perentoriamente beneficiários dunha accción de governo como a que propugnamos, concretada nos trazos incluídos nestas teses e no próprio programa de governo.

C) Implantar socialmente máis o BNG, facendo da nosa organización un elemento dinamizador da vertebración da sociedade galega, transformando en apoio activo o apoio eleitoral.

C.2.- RELACIÓN DO GOVERNO COA SOCIEDADE

Un governo nacionalista e progresista ten de ser un moi outro que o actual governo do Partido Popular, que ten aferrollado o noso País usando as institucións para aplicar deseños negativos e alleos que coutan a sua expansión.

O PP ten instaurado na Administración Galega hábitos perniciosos que se teñen traducido en moitos casos nunha auténtica perversión das práticas e condutas democráticas. Ten concebido a Administración como un couto particular, cun uso dos recursos públicos en benefício de intereses particulares e partidistas. O PP precisou para se perpetuar no governo introducir na sociedade galega un complexo de inferioridade e de impoténcia e tentar impedir que Galiza quebre os deseños de subordinación e dependéncia que nos teñen asignados.

Frente a esa herdanza un governo do BNG:

A) Converterá as institucións en auténticos peares da vertebración e da dignificación nacional de Galiza.

B) Compromete-se a devolver ás institucións o seu xenuíno sentido de expresión da vontade cidadá, un instrumento ao servizo dos intereses colectivos de Galiza e dos direitos e necesidades das persoas, sen discriminación nengunha por razón de nacionalidade ou orixe, xénero, idade, crenzas ou opción sexual.

C) Unha administración con vontade de servizo á sociedade actuará con critérios de equidade, honestidade, transparéncia e cuns rigorosos princípios democráticos.

D) Unha administración que estará en permanente diálogo coa sociedade, implicando no deseño e na implementación das políticas concretas de governo os sectores directamente atinxidos, provocando a participación e auto-organización dos mesmos.

Propostas de Resolución.

- A IXª Asemblea Nacional do BNG reitera o seu compromiso a favor do desenvolvimento dos sectores produtivos básicos do noso país. Consideramos de especial necesidade, pola sua difícil situación actual, o impulso ao sector agro-gandeiro, hoxe vítima da crise provocada pola aparición da EEB. Do mesmo xeito defendemos a renovación do acordo pesqueiro entre a UE e Marrocos, en termos favorábeis aos intereses da nosa frota pesqueira.

- O BNG exixe do governo do Estado a promulgación do correspondente decreto en que se contemplaren os fundos necesários para paliar os importantes danos ocasionados polos temporais, que atinxiron bens públicos e privados de moitas comarcas de Galiza.

- A IXª Asemblea manifesta a sua solidariedade e apoio aos traballadores na loita pola defensa dos seus direitos laborais, sinaladamente aos do Grupo de Empresas Álvarez, Transportes "La Unión", Servizo do 061, SINTEL e outras empresas en loita.

- A IXª Asemblea Nacional do BNG manifesta o seu apoio e solidariedade coas loitas anti-imperialistas dos diferentes continentes, subliñando neste intre a que está a levar a cabo o povo saaraui pola sua autodeterminación. A IXª Asemblea Nacional adere-se á celebración do 25 aniversário da fundación da República Árabe Saaraui Democrática, reiterando a nosa exixéncia da aplicación das resolucións das Nacións Unidas e da celebración imediata do Referendo de Autodeterminación.

- A IXª Asemblea Nacional expresa a sua máis rotunda condena da agresión imperialista a Irak e a sua total solidariedade co povo iraqui. O Bloque Nacionalista Galego reitera a sua defensa dunhas relacións internacionais baseadas na xustiza e na solución dialogada dos conflitos.

- O BNG expresa a sua solidariedade co povo salvadoreño e demanda a axuda internacional necesária para todas as vítimas e danificados polo terremoto.

- A IXª Asemblea Nacional do BNG, consciente de que miles de galegas e galegos viven na emigración, asume como própria a sua problemática e manifesta o seu apoio á reivindicación de asegurar a necesária atención social e sanitária aos nosos emigrantes.

O BNG manifesta, asi mesmo, o seu compromiso coa loita por criar as condicións que favorezan o seu retorno ao País.

Compromiso co futuro ***Responsabilidade*** *de governo*

O BNG manifesta a exixéncia de que se fomente a participación democrática dos emigrantes introducindo as reformas na lexislación eleitoral que garantir o carácter plenamente democrático e transparente da mesma.

- A IXª Asemblea Nacional manifesta o seu compromiso coa promoción da participación feminina e do acceso de mulleres a cargos de responsabilidade co obxectivo de procurar un equilíbrio entre xéneros.

Intervención de despedida de Maria Pilar Garcia Negro

Domingo, 18 de febreiro de 2001

"E nós non coñecemos cousa máis cruel e fóra de razón que contrariar tan inteiramente un povo de máis de dous millóns de habitantes, que se diferéncian dos demais da monarquia española por todo, mesmo polo seu isolamento. Ten [a Galiza] território perfeitamente delimitado, raza, língua distinta, história e condicións especiais criadas grazas a esa mesma diversidade, e, portanto, necesidades que só ela calibra en toda a sua intensidade, aspiracións que só ela sabe a onde chegan. Constitui, pois, unha nación, porque ten todos os caracteres próprios dunha nacionalidade. Suíza non ten máis povoación nen Bélxica máis território."

Cambiemos, compañeiras e compañeiros, amigas e amigos, o que cumpra mudar do léxico ou das cifras. Estas palabras semellan escritas onte. Mais, na realidade, pertecen a Manuel Murguia e teñen máis de cen anos. Nós, Bloque Nacionalista Galego, vimos de aqui, deste teimoso esforzo por construirmos a nosa história como protagonistas, de sermos planeta, non satélite servil. O mesmo Murguia reclamaba tamén –como nós hoxe- "que a nosa liberdade [...] sexa unha verdade e que non nos envien de Madrid feitas as leis, e os que han de aplicá-las, senón que aqui as elaboremos atendendo á nosa tradición, ao noso sentimento nacional, ás nosas necesidades".

Nós, dicia, vimos de aqui, dunha história feita na Galiza, desde os seus intereses e ao seu servizo. Logo cumpriremos vinte anos da refundación do BNG, na Coruña, en 1982. Daquela, impuxemo-nos a tarefa de organizarmo-nos, de mellorarmos o noso traballo e a necesária conxunción de esforzos para mellorarmos a defensa do país. Cumprímos o obxectivo marcado e experimentámos, desde aquela, un crecimento exponencial. Durante todos estes anos, lembramos –e praticamos- aquela evocación que nos derradeiros anos de vida facia D. Ramón Otero Pedraio: "... naquel intre, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir nos xornais, estudar xeografía, etnoloxía, historia da nosa terra, que estaba sin escribir. O que non se podía era estar calados e quedos porque o tempo, xa daquela, loitaba contra de nós", cando se referia aos labores múltiplos que debia realizar o nacionalismo organizado dos seus tempos. Nós tamén tivemos de atender, simultaneamente, moitas tarefas: a concienciación patriótica dos nosos connacionais; a mellor organización interna; o traballo nas institucións –en todas, sen excepción, onde se dirimen decisións que atinxen á Galiza-, institucións, galegas e exteriores á Galiza, a que accedemos na sua totalidade e en que o nacionalismo galego fai ouvir a sua voz e consegue que os intereses e as aspiracións da Galiza se defendan; e, sobretodo, o traballo no seo de nós mesmos, da sociedade galega, para alargarmos considerabelmente a base favorábel ás nosas teses, para implicarmos a cada paso máis xente inteirada e sensíbel, colectivamente preocupada e activa por exibir e facer real a existéncia da nosa nación. A auto-organización é, con

Compromiso co futuro ***Responsabilidade*** *de governo*

efeito, moito máis do que unha palabra eufónica: é a clave da democrácia, da construción da nación e, por iso, é a clave da nosa existéncia política.

Mais non é a hora de nostalxiar a nosa história imediata nen, moito menos, de nos instalarmos beatificamente na auto-compracéncia do xa conseguido. É hora, en troca, de atendermos a "ruda adversidade urxente", como tallou, en letras de ouro, outro ilustre antepasado noso. Hoxe, culminamos duas xornadas de traballo colectivo, que permitiron a aprobación das Teses desta IX Asemblea Nacional. O nove é, na tradición chinesa, o símbolo da perfeición. Non aspiramos a tanto: mais si proclamamos que acabamos de colocar unha peza máis na casa comun que construímos, finalistamente, para facermos posíbel un governo galego para o noso país, que sexa exactamente isto, governo e galego, non administración serva e alienada, ou, se o dicermos noutras palabras, para cumprirmos aquela manda histórica: "Governemos nós a nosa terra".

Para alguns, gostosos de permaneceren nunha perspectiva anti-histórica, as cousas non mudaron na Galiza. Pouco importa que, en vinte anos, o nacionalismo galego teña pasado da soidade a ser a segunda forza política e a primeira da oposición. Non reparan en que máis de catrocentos mil sufráxios teñen avalado o ideário e a práctica política do BNG. Levan obsequiando-nos, rotineiramente, insidiosamente, anos e anos, co mesmo ramallo de adxectivos: "radicais", "iracundos", "demagogos", "utópicos", "anacrónicos", "ensimesmados", "anti-modernos"... Cualificativos baratos para unha prosa política paupérrima, aquela que coida que o debate político só se pode resolver, boxisticamente, no ataque e na rendición do adversário. Nós preferimos falar máis a rentes do chao. É doado compor co sr. Presidente da Xunta de Galiza rípios baratos: "Fraga traga": efectivamente, ten--se dito que ao sr. Fraga lle cabe todo o Estado na cabeza. Non o sabemos nen nos importa; o que si é palmariamente certo é que non lle cabe Galiza na cabeza. Para os que nos mal governan, Galiza é xeografia e lugar de explotación, non economia, nen política nen cultura autónomas. Veñen sendo campeóns das perífrases incoativas: "Imos facer...", "imos colocar...", "imos demandar...", "imos construir...", "imos inaugurar...": propaganda, engano de cifras, anúncios, triunfalismo, Walt Disney... Isto si que é utopia, no sentido etimolóxico: non ten lugar, non existe no espazo, sexan camiños de ferro, electrificación rural, cuidado do meio ambiente, promoción laboral das mulleres, usos públicos da língua galega, defensa da pesca na hostil Unión Europea, defensa da privilexiada posición galega en agricultura e en gandaria... E tantas e tantas cuestións máis.

Non estamos por políticas máxicas ou supersticiosas. Porque padecemos un governo que quer que acreditemos na máxia e na superstición. Se é un clamor a petición de máis profesores, mandan computadores, como se fosen entidades intercambiábeis. Se hai, ainda, abondosas "listas de espera" na sanidade, trasladan os pacientes, ben pacientes, por certo, a unha outra listaxe... e problema solucionado, como

se unha compañia aérea trasladase o over-booking a unha outra compañia ou a un outro aeroporto... e xa está. E non nos resistimos a, na apoteose da máxia, facermos unha brincadeira benévola a conta dun departamento da Xunta de Galiza, que se chama, nada menos, Consellaria de Família, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Téndomos en conta que, hoxe, na Galiza, somos 1.414.129 mulleres, 391.098 mozas e mozos, 1.000.600 empregadas e empregados, 168.800 desempregadas e desempregados, sobre un total de 2.730.357 habitantes, segundo a última revisión censal, estamos, portanto, ante a panacea, a solución universal aos problemas principais da imensa maioria da povoación galega. De novo, cuestión solucionada...

Nós non estamos pola máxia nen pola superstición. Sabemos ben que a distáncia enorme que separa a poténcia do acto ten de a salvar a ponte política, unha política que tome o país como centro e non como pretexto, que o sirva e non o entregue maniatado á forca. Non nos anima nengun complexo de superioridade: sabemos, como dicia Oscar Wilde, que entre o talento e a estupidez hai várias similitudes, mais hai unha diferenza fundamental: a estupidez é ilimitada; o talento é sempre limitado. E nós queremos usar os talentos –á maneira evanxélica- ao servizo do que a nación necesita, do que a nación merece. Queremos que a Galiza oficial beba na Galiza real e lle sexa funcional, apta para dispor un futuro mellorado. No outono próximo, estamos chamadas e chamados a un novo proceso eleitoral, o que pode confiar o governo da Xunta de Galiza ao BNG. Máis unha vez, como onte, como sempre, empeñaremo-nos con toda a forza en consegui-lo, sabéndomos que esta nosa nación existe antes, en e após as eleicións: mais nós queremos que entre o que estas preposicións significan haxa substanciais diferenzas. E non son poucos os asuntos que nos preocupan. ¿Quen lle diria a Castelao que, 63 anos despois de el escreber o "Primeiro libro" de Sempre en Galiza", que remata na sua escolla da árbore, a vaca e o peixe como símbolos do país, por seren fontes de riqueza galega, quen lle diria que, 63 anos despois, estes emblemas, a árbore, a vaca, o peixe, ian continuar a ser a cifra da nosa penúria e do noso potencial? Esta é a crise, o paradoxo en que vivemos e que tencionamos resolver en ben do país, de nós mesmos e das galegas e galegos do futuro.

Compañeiras e compañeiros, amigas e amigos, nesta vaga de moda light que nos invade, nós sabemos que as vellas palabras significan moito: Galiza; povo; nacionalismo; anti-imperialismo... Non son comutábeis en van. Significan algo moi digno e moi xusto. Dixo un poeta de noso, que viveu moitos anos nesta cidade, Uxio Novoneyra: "A forza do noso amor non pode ser inutle". Amigas e amigos, a forza do noso amor, do noso esforzo, da nosa loita, non pode ser inútil! Ánimo, coraxe e adiante!

Discurso de clausura do portavoz nacional, Xosé M. Beiras.

Domingo, 18 de febreiro de 2001

A.- REPASO DO ACONTECIDO E DO CAMIÑO ANDADO DESDE A 8ª ASEMBLEA NACIONAL DE XUÑO DE 1998

Plantexamentos e diagnoses feitos na 8ª Asemblea Nacional
Compañeiras e compañeiros, membros todos e todas das delegacións convidadas, membros das delegacións das organizacións que compartides connosco a Declaración de Barcelona, que está máis viva que o pacto PP-PSOE, amigas e amigos, hoxe tamén teño tempo ilimitado, mais non vos botedes a tremer, son compasivo, é natural. Acaba de facer mención, se cadra premonitoriamente, a compañeira Dominga Brión, de algo que ficara dito precisamente na Asemblea Nacional celebrada en Ourense hai dous anos, vai para tres, naquela Asemblea Nacional que se celebrou precisamente poucas semanas antes de que en Barcelona deramos un susto monumental aos chauvinistas españois, que non queren aprender da história. Refiro-me precisamente á Declaración de Barcelona. E eu quixera hoxe arrincar, nesta miña intervención de clausura, dun repaso o máis breve posíbel, o máis epigramático posíbel, do acontecido e do camiño andado precisamente desde aquela VIII Asemblea Nacional de Ourense, en Xuño do 98; de plantexamentos e de diagnoses feitas naquela Asemblea e verbalizadas por min.

O primeiro, lembrade, "non é posibel entender o presente se non se concebe o presente como história", quer dicer, como momento dun acontecer dialéctico no que cómpre incidir e conduci-lo se non queremos que nos arraste e nos impoña a sua inércia. A traxectória do BNG, desde aquela, demonstra que na prática política fomos conscientes e asumímos ese princípio fundamental de interpretación do acontecer humano pola esquerda.

Dixera tamén que as claves da forza do triunfo do BNG, radicaban nalgo que todos e todas sabemos, mais que cómpre recordarmos sempre, para sermos máis fortes frente a calquer caste de terxiversación ou difamación.

O primeiro, o modelo frentista axustado á realidade xenuína do noso país.

A segunda, a idoneidade para vertebrar unha maioria social nunha matriz pluralista.

A terceira, o proxecto comun, nacionalista e progresista, asumido explicitamente desde a famosa Asemblea do Carballiño de 1987.

A cuarta, unha metodoloxia de traballo axeitada no tecido social e nas institucións, combinadamente, e sen cairmos no institucionalismo e perdermos a raigaña na sociedade.

E, en quinto lugar, a apertura aos diversos sectores organizados nos movimentos sociais e nos diferentes segmentos do espazo nacionalista a prol precisamente dese proxecto comun, e non a prol do BNG como Organización.

Dixera, tamén, que o paradigma dun nacionalismo de esquerda ou progresista non consistia en facer nun país política de esquerda pensada dende critérios ubícuos ou cosmopolitas, senón en pensarmos na nación desde o pensamento e a práctica da esquerda, e o máis ricaz que existe na avenza teórica do pensamento humano dende o século XVIII para agora, mesmamente no ciclo da modernidade, do que tanto falan os que nen son modernos, nen posmodernos nen sequer alfabetizados.

En segundo lugar, en concebermos a autodeterminación como emancipación -nacional e social- e non como consolidación no poder dunha clase social dominante interna. Aí está precisamente a índole profunda dun nacionalismo emancipador, dos nacionalismos emancipadores, dos nacionalismos dos oprimidos frente aos nacionalismos, pseudonacionalismos dos opresores, os chauvinismos como o do Estado español e o governo do PP á cabeza.

En combinarmos a consecución dun aparello de Estado próprio co logro da equidade, da xustiza e do benestar sociais.

E, finalmente, en profesarmos e praticarmos un internacionalismo propriamente dito, é dicer, a partir das realidades e identidades nacionais, internacional, solidário, paritário e recíproco.

Reptos imediatos

Falabamos tamén dos reptos inmediatos que defrontabamos naquela sazón, retos en tres níveis de cenários e de problemas:

O primeiro, naturalmente, o da política interna, o cenário Galiza e o repto imediato da conquista dos governos municipais nas urbes galegas. Logramo-lo, conquerimo-lo, ou mellor dito, conqueriron-no os cidadáns que votaron con liberdade e optaron polo BNG, como tiña que ser, naturalmente.

Segundo nível, a política de Estado no cenário español, do Estado español.

Terceiro lugar, política europea, cenário Unión Europea. Era a conquista da representación de Galiza no Parlamento Europeu da man do BNG. E aí está, logrado, contra prognóstico e nos termos estritos que acaba de recordar Bautista Álvarez na sesión de apertura desta Asemblea Nacional. E ali está Camilo Nogueira Román, que, ademais, hoxe xa é Presidente do Intergrupo de Nacións sen Estado de Europa: o Bloque ten a Presidéncia dese Intergrupo; por algo será.

E asinalabamos como eixos de acción política neses cenários, no segundo e no terceiro.

En primeiro lugar, un eixo con vista á mutación verosímil das superestruturas do Estado Español e da Unión Europea, e o proceso está en marcha. Non vos deixedes

despistar e enganar polas ofensivas desesperadas daqueles que dende o castelo kafkiano de El Pardo en Madrid, chamado 'La Moncloa', aínda se resisten, como se resistian evidentemente Hitler e compañia no bunker de Berlín. Enganan, están derrotados. Xa o dixera Castelao. Sodes uns imperialistas fracasados, dixo Castelao hai médio século. E acertou. Non vai acertar ainda agora outra vez?

E, en segundo lugar, a política de alianzas máis axeitadas para os obxectivos comuns a nós e ás demais nacións sen Estado.

Platexabamo-nos a posibilidade de políticas de alianzas, de acordos de traballo conxunto, con forzas políticas non estritamente homologábeis co BNG nas próprias coordenadas ideolóxicas; e dixeramos rotundamente si á condición de situarmos as liñas de traballo conxunto primordialmente no ámbito da nosa política de Estado, das cuestións de Estado nas que están en xogo os direitos, liberdades e intereses básicos nacionais de Galiza e das demais nacións sen Estado no contexto estatal español, peninsular, europeu actual. Ou sexa, en termos próprios de nós, naquelas cuestións nas que teriamos que actuar con critério nacional se governásemos institucionalmente en Galiza, e que teriamos que abordar, non tanto como partido político, canto como governo da nosa nación. E iso foi o que viñemos a facer nese terreo durante estes dous anos e médio.

As pautas de actuación do próprio Estado Español corraboran isto, o noso acerto:

* O "divide e vencerás": a disociación institucionalmente esquizoide a que o poder estatal submete as cuestións basca, galega e catalá.
* A perversa metodoloxia que o aparello ideolóxico e propagandístico do Estado aplica á introdución de cada unha desas cuestións nacionais no imaxinário colectivo da cidadania de todo o Estado, reducidas a falsárias caricaturas.
* E, en Europa, dixeramos que só as forzas políticas das tres nacións sen Estado da "Pell de brau", recorréndomos á metáfora de Salvador Espriu, só esas forzas políticas acumulabamos conxuntamente masa crítica abondo para liderarmos a dinámica da Europa dos povos e as nacións, fronte á dos Estados convencionais na U.E.

Non eramos nen somos as únicas, mais masa crítica, o que se di masa crítica na física -eu que non son físico-, só estas forzas, só as forzas políticas do nacionalismo galego, euskaldun e catalán, tiñamos acadado esa dimensión indispensábel.

Por eso coido poder dicer hoxe que a reconstitución do Galeuzca e a Declaración de Barcelona, Gasteiz e Compostela, foi e está demostrado que segue a ser un acerto pleno, e plenamente vixente.

A reconstitución do Galeuzca e a Declaración de Barcelona, Gasteiz e Compostela

Se Castelao vivese, aplaudiria con toda a enerxia do seu xeneroso entusiasmo e ava-

laria con absoluta rotundidade a decisión que tomámos no verán do 1998 e a contribución que supuxo por parte do BNG á efectiva solidariedade recíproca na práctica política entre Galiza, Euzkadi e Catalunya, que o próprio Castelao encetara con plena clarividéncia e insubornábel coraxe ética e política a prol dos obxectivos comuns para os nosos tres povos.

Quero relembrar outravolta palabras de Castelao pronunciadas nunha circunstáncia do noso pasado que, ainda sendo específica e non extrapolábel, amostra analoxias relevantes coa actual. Dixera Castelao cando estaba en vigor o Galeuzca do seu tempo:

"O Estado español non ten base ningunha que se poda chamar verdadeiramente nacional, *como non sexa a vontade de imperio que sobrevive nalguns dos seus compoñentes*. "España", como adoita decirse, non é única e indivisíbel, porque é plurinacional, e portanto non debe ser único e indivisíbel o seu poder político."

"Nós defendemos o principio da autodeterminación para todos os povos que teñan sabido forxar e conservar, a través da historia, a sua persoalidade nacional, e pola mesma defendemos o dereito de autodeterminación para Galiza, que conserva todos os atributos e conciencia dunha verdadeira e auténtica nación; mais considerámonos *lexitimados para abogarmos por unha vertebración paccionada de todos os pobos diferenciados da Peninsula nun Estado plurinacional.*

"Séxanos permitido decir *que os alcuñados de "separatistas" estamos unidos, non somentes entre nós senón cos nosos povos,* e que arelamos que dialoguen e se xunten tamén os separadores. Mais se eles non o fan, non por iso imos nós chorimicar, pois que a nosa misión é tan patriótica coma política, e só terá fin o día que engañemos definitivamente a liberdade das nosas patrias respectivas.

"Xa que logo, nós resumimos a nosa actitude nos seguintes termos: aceitamos a Constitución como punto de partida, pero endexamais como teito das nosas aspiracións".

Confeso-vos agora que, nalgúns intres difíceis en que me asediaban dúbidas punxentes a respeito do proceso en que estábamos comprometidos durante os dous últimos anos, eu perguntei-me que faria Castelao en transos semellantes, e retornei á releitura dos seus textos desde a perspectiva do contexto actual. E as dúbidas desapareceron. Porque nunca –reparade ben–, nunca Castelao, nen Bóveda, nunca nengun dos máis grandes na história do nacionalismo galego, nunca permitiron que o coñecimento e avaliación dos riscos e custos circunstanciais en que podian incorrer os disuadisen de tomaren as decisións necesárias para o avanzo do proxecto de emancipación da cidadania e a nación galegas no horizonte da longa duración. Porque o exercício da dignidade como povo que reclamamos e propugnamos para

o conxunto da cidadania galega, non seria preciso reclamá-lo nen propugná-lo, non seria preciso exortar os cidadáns a praticá-lo, se resultase doado facé-lo, se non entrañase inicialmente riscos e custos. O nacionalismo galego nunca aceitou submeter a sua acción política ás leis do mercado eleitoral. Menos ainda aceitou nunca submeté-la a nengún "trágala".

O acordo da Declaración de Barcelona supuxo un enorme salto adiante en tres dimensións cando menos. A primeira, por demonstrar que era posíbel estabelecer un proceso de traballo conxunto de análise e diagnose política, e chegarmos a conclusións sustentadoras de acordos de colaboración permanente e coordenación orgánica entre forzas políticas tan disímeis como son o BNG, o PNV, CDC e UDC, para camiñarmos cara á resolución do encaixe definitivo no marco xurídico-político do Estado Español e da UE de tres cuestións nacionais tan diferentes na sua respectiva idiosincrásia sociopolítica como a galega, a catalá e a basca.

A segunda, por catapultar a Galiza, da man do BNG, a unha posición do mesmo rango político que as de Catalunya e Euskadi no cenário da realidade plurinacional do Estado, e mesmo no marco constitucional das autonomias definidas como "nacionalidades históricas" –ou sexa, o rango que en rigor lle corresponde, en dirección ascendente inversa e antitética do proceso descendente seguido polo poder instalado na Xunta, que degrada as institucións galegas de autogoverno e arrastra Galiza cara á sua conversión nunha enésima autonomia tetraprovincial gregarizada e mergullada no anonimato político máis vergoñento.

A terceira, por re-suscitar o debate e provocar a clarificadora decantación de posicionamentos políticos abondo elocuentes no ámbito do Estado verbo de un dos máis espiñentos temas deixados a meio camiño na transición post-franquista e hibernados desde aquela pola recíproca cumplicidade das duas forzas españolas dominantes no aparello de Estado, a saber, o tema do modelo de superestrutura política capaz de resultar congruente coa índole plurinacional do Estado español no seu substrato sociopolítico mesmamente.

É certo que os poderes do Estado reaxiron con hostilidade á re-constitución do Galeuzca; con soberba despectiva ás propostas enunciadas nos documentos das Declaracións de Barcelona, Gasteiz e Compostela; e con invectivas descualificadoras ás nosas ofertas de diálogo a prol dunha nova cultura política. Era previsíbel que asi acontecese, dado o talante soturnamente reaccionário e chauvinista dos detentadores do poder no Estado desde 1996, disfarzados de centristas, modernos e até europeístas. Xa non debera resultar tan previsíbel que aqueles que se atribuen a condición de esquerda socialdemócrata reaxisen, en termos xerais, cunha actitude análoga. Mais, en todo o caso, esas reaccións puxeron de manifesto que tiña pleno fundamento a nosa reclamación dunha nova cultura política baseada na pluralidade,

o diálogo e o respeito recíproco, pois que a existente, a que suscitaba esas reaccións primárias e fanáticas, resultaba evidente que era unha cultura arcaica, predemocrática e atavicamente "celtíbera" –como a satirizada outrora no famoso "Celtiberia show" que moitos coidarian hoxe tan pretérito como "La corte de los milagros" valleinclanesca, mais que na realidade resulta hoxe rigorosamente actual.

Certo é tamén que a rápida conversión desa reacción hostil nunha auténtica cruzada de asédio inquisitorial a todo o nacionalismo emancipador, contou coa inestimábel colaboración da detestábel violéncia etarra. Xa vos dixen nunha ocasión recente na Quintana que os nazis de arestora non precisaban montar as famosas Seccións de Asalto (as SA hitlerianas) porque outros lles daban ese traballo feito.

Mais cómpre dicé-lo con toda a claridade e con toda a coraxe: o problema dunha violéncia como a etarra non se deriva da existéncia dunha realidade nacional determinada, nen da conciéncia cidadá desa sua identidade nacional, nen da existéncia de forzas políticas que trasladan esa conciéncia a un constante labor político pacífico e democrático a prol dos direitos nacionais desa cidadania que reclama o seu recoñecimento e exercício. O problema desa violéncia deriva-se de marxinalidade social, do fanatismo ideolóxico, e tamén e sobretodo da obtusa actitude e do sectário comportamento obstrucionista daqueles que desde o poder do Estado dominante negan eses direitos políticos dun conxunto de cidadáns, ignoran os princípios democráticos universalmente proclamados en que eses direitos se fundamentan, atrancan os camiños pacíficos e democráticos de acceso ao exercício deses dereitos, ou calúnian e demonizan os demócratas que tentamos acadar os nosos lexítimos obxectivos políticos co estrito e exclusivo uso da palabra, o raciocinio e o diálogo sen cancelas.

E coido poder falar-vos hoxe con palabras de esperanza e dicer-vos que confio en que xa dobrámos o "cabo das tormentas" nesta nosa circumnavegación. A imolación de Ernest Lluch, do meu amigo e compañeiro de antano, marcara unha inflexión, e apesar da involución enxendrada polo pacto de adesión do PSOE ao PP, e pola ofensiva de chantaxe política e ideolóxica que desencadeou, apesar do trebón político que nós sofremos coincidentemente cos temporais da pasada invernia e que estivo a piques de avariar o leme do noso "pailebote branco" manuelantoniano, apesar diso todo, estes dias volveu a lucir o sol, o Parlament de Catalunya acaba de tomar unha decisión unánime que arromba calquer pacto excluente e aposta inequivocamente polo diálogo sen cancelas que nós sempre propugnamos –e até a Conferéncia episcopal española rexeita alinear-se co pacto imposto ao PSOE polo PP. Por certo, aqueles que, desde fóra do PP acusaban o BNG de ambigüidade frente a ETA por non subscrebermos o famoso pacto, van dicer agora o mesmo de todos os cidadáns cristiáns que asuman a doutrina moral marcada neste tema polos seus bispos?

O Galeuzca non naceu para unha circunstáncia específica nen menos ainda conxuntural, senón para unha andaina na longa duración. E non teño reparo en dicer que penso que a forma e dimensión que actualmente reveste non é máis que o núcleo xerminador dun tecido celular que terá de medrar e ampliar-se, até abranxer o conxunto das forzas políticas que desenvolvemos o mesmo combate democrático a prol dos direitos nacionais dos nosos respectivos povos, coa plena soberania de decisión das nosas respectivas formacións no mantimento dos nosos ideários xenuínos e específicos, e mais na modulación da nosa angueira, en función das condicións concretas que as características peculiares das nosas realidades nacionais estabelecen para a relación e interlocución política diáfana de cada un de nós coa nosa cidadania. Mesmamente iso é o que máis temen os poderes estatais que pratican sectariamente a intimidación, a fractura social, a división e a difamación criminalizadora. Ou sexa, ao cabo, a chantaxe política e ideolóxica. E ben sabido é que a única arma eficaz contra a chantaxe, contra o "black-mailing", consiste en branquexá-la, en desvelá-la, en pó-la a plena luz. Iso requer coraxe. Nós temo-la. Nós non temos medo duns poderes que empregan a forza da senrazón para tentaren apouvigar os que exercitamos a razón. Son como o moucho noitébrego no cantar de Rosalia: "Eu ben vin estar o moucho enriba daquel penedo: non che teño medo, moucho; moucho, non che teño medo!". Eles, en troques, si que nos temen –e ben sabemos nós, por experiéncia, que eles só respeitan os que temen, precisamente.

Esa outra dimensión estamo-la a ensaiar xa na U.E. A nosa integración no grupo ALE dentro do Parlamento europeu permite-nos camiñar nesa dirección. E a constitución do inter-grupo de nacións sen Estado de Europa, significativamente presidido polo noso deputado na U.E., Camilo Nogueira, está a propiciar unha dinámica impensábel hai poucos anos ainda –dinámica e horizontes cara á construción dunha Europa dos povos, de que foi mostra elocuente a xuntanza dese inter-grupo en Compostela o mes pasado.

Velaí o sentido que teñen as teses políticas aprobadas hoxe por esta Asemblea Nacional, tocantes aos procesos en curso tanto no contexto estatal como no da U.E., e máis á sua incidéncia na dinámica sociopolítica interna da nación galega.

A respeito da U.E., primeiro. Di o documento político que vimos de aprobar:

"Europa sacrificou-no case todo a unha estratéxia concentrada no terreo de xogo da globalización financeira (...). A esa estratexia temerária, a U.E. sacrificou a utilización dos orzamentos públicos para xerar emprego e demanda global, a política de desenvolvimento equilibrado, sectores socialmente cruciais da base produtiva europea (o agro, o tecido comercial e boa parte do pequeno empresariado), a política social, a redistribución da renda, a fiscalidade xusta e progresiva, o control dos prezos da enerxia e dos carburantes, enfin, os resortes todos do benestar social. *E*

sacrificou con especial crueldade os países que somos periferia, como Galiza, que pagamos en perda de producións, ingreso e riqueza moito máis do que recebemos dela en subsídios."

Estes mesmos dias acabamos de ter a confirmación rotunda de que as nosas teses son correctas. Lembrade que cando, no Tratado de Maästricht, a Unión Europea apostara por unha Unión Monetária antes que por unha integración económica equilibradora do seu espazo económico e social interno, afirmáramos que, para que no proceso de integración europea os países que partimos en posicións desvantaxosas puidésemos medrar ao ritmo necesário para converxermos cara aos níveis de que partian en cabeza, non se podia proscreber a inflación custe o que custe, porque a teoria económica do desenvolvimento e mais a experiéncia histórica tiñan demostrado *que non podia haber crecimento acelerado sen inflación.* E dicíamos que o problema non estaba tanto na taxa de inflación, como en que esa taxa fose inferior á taxa de crecimento do produto e a renda nacionais e mais á taxa de crecimento dos salários nominais. Dixéramos asi mesmo que a teoria keynesiana tiña demostrado que toda a política expansiva xeradora de emprego e estimuladora da demanda global xeraba inevitabelmente unha certa tendéncia alcista nos prezos, ou sexa, unha tendéncia inflacionista, e que obsesionar-se por impedi-la, convertendo a inflación nun fetiche, provocaba fatalmente desemprego masivo ou incapacidade para reducir o emprego existente en condicións laborais minimamente aceitábeis pola cidadania traballadora, é dicer, pola maioria social da cidadania.

Pois ben: hai poucos dias, a Comisión da U.E. –por iniciativa do sr. Solbes, disque socialista- acaba de ameazar o governo irlandés cometendo unha inxeréncia inconcebíbel no ámbito da soberania de decisión dese Estado a respeito da sua própria política orzamentária. A Comisión recoñece que Irlanda cumpre as normas comunitárias das políticas de converxéncia, pero ademais resulta que *converxe efectivamente.* Hai dez anos, o produto e a renda per cápita de Irlanda estaban moi por baixo da media europea. Hoxe están por riba desa media. O problema é que, mentres a economia europea medra o 3%, a de Irlanda medrou o ano pasado máis do 10%, e o emprego perto do 5%. E isto non o toleran nen o Consello de Ministros de Economia e Facenda da Unión, nen o Banco Central Europeu que impón os seus criterios á marxe do poder democrático da cidadania europea, nen, polo que se ve, o socialista sr. Solbes. Disque, para os cerebros oficiais da U.E., o "problema" que suscita Irlanda non é de saneamento financeiro, senón que temen un "requentamento" da economia irlandesa que seica poderia infectar o conxunto da Unión como se fose o andazo das vacas tolas. Pura farsa. Ou surrealismo en estado puro: os cerebros dos teóricos oficiais da economia da Unión si que semella estaren afectados de encefalopatia esponxiforme –se Lord Maynard Keynes resucitase, volveria morrer de infarto á vista de semellante imbecilidade entronizada como paradigma

da teoria económica oficial. Porque non perdades isto: Irlanda está a lograr eses prodixiosos resultados da sua intelixente e audaz política económica sen prexuízo de obter, nestes últimos anos, *superávits orzamentários.* Ou sexa, Irlanda pon en ridículo a maniática obsesión de Aznar *and company* polo déficit cero.

Eu pergunto ao empresariado galego: se un governo do Bloque en Galiza lograse os resultados que logra o governo irlandés e fose ameazado pola Comisión Europea, de que banda se posicionaria ese empresariado galego? Faria corpo co governo que logra resultados esplendorosos para os intereses do empresariado autóctono e até do que acode a investir no país, ao próprio tempo que logra elevar as condicións laborais e os salários en termos reais dos traballadores, ou poria-se ás ordes da Comisión Europea para guindar cantazos contra ese governo galego e botar pedras sobre o próprio tellado do tecido empresarial? Terán de dar a resposta chegado o caso. Mais, antes diso, terán de decidir dentro duns meses se están dispostos a apostaren por un poder político que poña Galiza na mesma traxectória que está a seguir Irlanda, ou preferen converterse en servos da gleba dos poderes que non queren que os países da *peripheral Europe* definida hai anos por Dudley Seers deixemos de ser tal periféria, ou sexa, súbditos dun poder autocrático e tecnocrático no canto de cidadáns libres na procura da nosa própria prosperidade.

A respeito do Estado español, logo. Di o documento político que acabamos de aprobar:

"Resulta patente á altura de hoxe que, no Estado, non se exerce unha simples maioria absoluta, senón unha maioria totalitária; que non estamos en presenza dunha democrácia conservadora, senón dunha metamorfose do fascismo; que non padecemos unha agudización do xacobinismo, senón unha exacerbación do imperialismo españolista; que non sofremos unha agravación da dependéncia, senón un recrudecimento do colonialismo tanto interior como cosmopolita; e que o poder do Estado non actua con simples incomprensión a respeito das cuestións nacionais que o configuran como plurinacional, senón que desencadea unha feroz ofensiva, fanática e xenófoba, con vista á demolición non só das forzas nacionalistas senón das realidades nacionais de Galiza, Euzkadi e Catalunya".

E desa diagnose, o noso documento deduce que, "a actual situación política obriganos a unha dupla liña de acción en relación coa política do Estado":

A primeira orienta-se a "consolidar-nos como referente de prática progresista –e portanto incuestionabelmente democrática– no cenário estatal", afortalando-nos dentro de Galiza e accedéndomos ao governo da Xunta, "para estabelecer unha interlocución clarificadora e no seu caso reivindicativa, tanto coas institucións do Estado como coas forzas políticas de ámbito estatal alternativas ao PP".

A segunda centra-se en "consolidar, ampliando-o e afortalando-o, o foro Galeuzca, ou Declaración de Barcelona, como plataforma desde a que reivindicar conxunta-

mente con outras forzas nacionalistas o cámbio da estrutura institucional do Estado, sen esquecermos o perfil específico e as necesidades próprias de Galiza". E argumentamos: "Perante a ofensiva criminalizadora e lapidadora do poder do Estado 'pepeísta' contra os nacionalismos periféricos, só o avanzo en cada unha das nosas nacións e a consolidación dun mecanismo comun de defensa política poderá protexer-nos da aniquilación e contribuir ao avanzo na loita polo recoñecimento do carácter plurinacional do Estado español".

Non vou reiterar agora o que xa dixen hai un pouco. Mais quero afirmar con absoluta rotundidade que un governo que se pretende democrático e condecora a Melitón "o torturador", mentres denega axudas aos familiares das vítimas de "la calle es mía" en Gasteiz, hai xa un cuarto de século, o que fai é pór de manifesto na prática que, se no Estado español non hai un Front National como o de Le Pen francés, é porque xa está no governo do Estado. Pode ser constitucional condecorar servidores policíacos do rexime fascista que cumpriu derrocar para que a actual Constitución democrática fose factíbel? Ou non é máis ben un acto de sabotaxe á Constitución que eles sempre invocan para dinamitá-la nos seus alicerces democráticos máis fundamentais? Pode imaxinar alguén que na República Federal de Alemaña, vinte anos despois da caída do III° Reich, o governo condecorase un axente da Gestapo axustizado polos *maquisards* da Resisténcia Francesa? Imaxinades que na Itália dos anos oitenta o presidente Sandro Pertini fose procesado por ter formado parte do tribunal partisano que condenou a morte e fixo executar Benito Mussolini? Lamentabelmente, en algo tiña razón Manuel Fraga Iribarne: *Spain is different.* Acuñara este slogan cando era ministro de propaganda de Franco. Mais segue en vigor –como a sua lei de prensa. Por iso cómpre xubilá-lo de vez: porque segue a viver mentalmente nun tempo pretérito e teima en utilizar o seu poder para que ese tempo, esa "Longa noite de pedra", retorne outravolta.

B.- A NOVA MAIORIA SOCIAL GALEGA PROGRESISTA PARA O GOVERNO DE GALIZA.

Contodo, o centro de gravidade da política galega –e portanto da política do Bloque– ten de estar dentro de Galiza, no seo da sociedade e mais na dialéctica entre a cidadania galega e as institucións políticas próprias de Galiza. Aí reside a diferenza cardinal de perspectiva existente entre os que contemplan Galiza como un fragmento do Estado no que estabelecen as suas sucursais periféricas, e os que dexergamos o Estado como o contexto circundante da vida política própria de Galiza.

Os temas, as angueiras e os problemas que centran e ocupan a vida cotidiana dos cidadáns galegos situan-se e acontecen no recinto social de Galiza. Trasladar eses temas e problemas á instáncia política e ideolóxica traducindo-os en claves de mitoloxia españolizante e de servidume política ás razóns de Estado, que impoñen sistematicamente o sacrifício dos direitos e intereses de Galiza e dos galegos, constitui unha forma de alienación e de *estrañamento* que só pode conducir a cidadania galega a unha modalidade perversa de esquizofrénia sociopolítica. Pode semellar incríbel o que digo, pode considerar-se unha fabulación –mais os feitos máis recentes demonstran que nen fabulo nen exaxero un chisco. Neste inverno, mentres os cidadáns galegos padecian os desastres económicos e sociais provocados pola ineptitude política da Xunta de Fraga, o problema que se axotaba nos foros políticos oficiais e nos meios de "agit-prop" do poder era que o BNG non pasaba o exame de demócrata porque non aceitaba o "trágala" goiesco do famoso pacto PP-PSOE: ese tiña de ser o problema que atraíse a preocupación primordial dos cidadáns galegos segundo o critério do poder. E tivo de ser a coraxe política do BNG, e a nosa lealdade cunha cidadania maltratada, o que esgazase a pantalla interposta polo poder da Xunta e do PP estatal entre os cidadáns galegos e a realidade da situación política e dos problemas sociais do noso país, que os cidadáns apalpaban e padecian na sua vida cotidiana, mais que non achaban reflectidos na acción e no debate político nen na sua transmisión mediática. Tivo de ser a coraxe política do BNG, digo, ao promover o debate dunha moción de censura ao presidente da Xunta no Parlamento de Galiza, o que *revelase* que o problema que agoniaba a cidadania era o do desgoverno provocado pola ineptitude desa Xunta.

Non vou falar-vos agora desa moción de censura. Xa falei abondo durante o debate, ainda que pudera ter falado máis se eu fose tan implacábel coa paciéncia e a capacidade de resisténcia dos meus conxéneres humanos –incluídos os simples androides da Xunta–como adoita ser Fraga Iribarne nos meios de comunicación. Polo demais, a miña alusión humanista á finitude de todos os seres que formamos parte da biosfera seica foi premonitória, pois que aos poucos dias o presidente da Xunta era internado nun hospital. Non me deu tempo sequer a lle desexar humanitariamente un pronto restabelecimento, porque semella que se me adiantou: caso insólito nas patoloxias vertebrais, dixera-se que o presidente, no canto de ingresar no Clínico compostelán, fora trasladado urxentemente a Lourdes. Desculpade-me esta benévola ironia, mais, en rigor, sendo tan católico como di que é –ainda que non pratique no poder a ética cristiá nen a doutrina social da Igrexa– non lle viria mal pasar por Lourdes antes das vindeiras eleicións, e non por motivos de saúde senón para as poder gañar.

Mais, volvendo a falar a sério, coa iniciativa e o debate da moción de censura o BNG demonstrou que é capaz de liderar a maioria social progresista do noso país, que estaba a agardar por unha alternativa convincente. E, vistas as actitudes e posicións de cada quen perante esa iniciativa e durante o debate, resulta patente que temos de facer o traballo nós sós para derrotarmos Fraga e abrirmos paso a esa alternativa. Levamos moitos anos a exortar pacientemente o PSOE a que comparta connosco o traballo a prol deses obxectivos, mantendo cada un de nós o noso próprio perfil ide-

olóxico e político, o noso talante, a nosa maneira de facer política, e sen nengun tipo de pacto a *priori*. Mais eles non están polo labor. Se algunha dúbida podia quedar ainda, a sua actitude e comportamento a respeito da Xunta e o PP con ocasión da moción de censura, disipou-na totalmente: non quixeron comprometer-se para nada nese combate democrático; foi a actitude que nos inquéritos se recolle no apartado rotulado "Non sabe, non contesta". Podedes crer que o lamento intimamente, porque eu son unha persoa progresista que antepón os intereses da maltratada maioria social da nación galega a calquer consideración partidista –e coido que o levo demonstrado abondo e con fartura ao longo da miña traxectória política. Se cadra, o problema arraíza en dous terróns: un, que o pacto do PSOE co PP non era só nen primordialmente un pacto contra ETA; o segundo, e primordial, que nós temos un proxecto político para Galiza, consubstancial cun proxecto de rexeneración democrática para a cidadania galega, do que os demais carecen. Alá cada quen coas suas responsabilidades democráticas e políticas. Á diferenza do PP, nós non consideramos que a cidadania sexa imbécil nen menor de idade, ainda que, loxicamente, sabemos moi ben que pode ser en certa medida manipulábel co repertório de mecanismos de alienación de que dispón o poder reaccionário que padecemos. E tamén, á diferenza dos demais, nós non aceitamos que se poda xogar coa cidadania por mor de mesquiños cálculos partidistas, que constituen un dos andazos máis perniciosos padecidos por boa parte das organizacións e a clase política actual no panorama do Estado. E estamos dispostos a pagarmos custos razoábeis por esa nosa reciedume e esa nosa efectiva lealdade á cidadania e fidelidade aos princípios democráticos. Mais non estamos dispostos a pagarmos foro a ninguén: se o Bloque existise en 1925, teria reclamado a abolición dos foros, e non a simples redención paga-da polos labregos que tiveron de investir en adquiriren a propriedade das terras os cartos que a Galiza emigrante lles enviou, e que deberian ter servido para investimentos na modernización das suas explotacións –e hoxe a economia agrária galega e a Galiza rural asemellaria-se moito máis á danesa que ao que hoxe é ainda. Foro, insisto, non o imos pagar a ninguén a custa da nosa dignidade, do noso proxecto político e dos nosos princípios éticos democráticos.

Mais estamos convencidos de que esa nosa actitude é xustamente a que reclama de nós a maioria social da cidadania galega. Por iso penso que podemos e debemos catalizar arredor de nós esa maioria social, sen nengunha outra hipoteca: arredor do proxecto de prosperidade, benestar social, dignidade colectiva e rexeneración democrática do noso país. O proxecto que eu quero ter oportunidade de demonstrar que estou empeñado en desenvolver coa máxima fidelidade posíbel desde a presidéncia do Governo galego, mesmo que sexa nun marco institucional simplesmente autónomo polo de agora.
O proceso de cámbio cualitativo está en curso xa no seo da cidadania galega, e é o BNG o único actor político que contribui a suscitá-lo e que é capaz de orientá-lo e

conduci-lo coa participación activa e democrática de todos os cidadáns. Sen ese cámbio cualitativo, sen ese cámbio de actitude, de percepción e de estado de ánimo na cidadania, o cámbio cuantitativo, o cámbio aritmético na correlación de forzas parlamentar entre o poder actual e a nosa alternativa, non poderia dar-se ao ritmo e na magnitude necesárias. Agora pode ser. Eis o sentido radical e profundo da nosa alternativa de governo.

Eu dixen no Parlamento de Galiza o pasado dia 29 de Xaneiro que as liñas ou vectores primordiais de acción lexislativa e de governo necesários para este país debian ser as seguintes:

Un primeiro vector de *Política macroeconómica de desenvolvimento autocentrado* da economia galega. Nel serian pezas angulares: o sinalamento e aplicación duns critérios de política de desenvolvimento converxente, o modelo de financiamento autonómico; unha política estratéxica para Galiza dentro da Unión Europea, e un pacto social pola industrialización, a inovación tecnolóxica e a política enerxética. Un segundo constituiria-o unha *Política laboral e de emprego* orientada á estabilidade, á redución do paro e da precarización, á eficiéncia produtiva e á seguridade laboral. O terceiro, unha *Política de ordenación e reequilíbrio territorial e infraestruturas,* capaz de pór orde na morfoloxia do espazo, os usos da terra e o solo, a vertebración das comunicacións internas e co exterior, e o cámbio de signo do proceso de desequilíbrio e desertización no meio rural e na Galiza interior. O cuarto, unha *Política de ordenación sectorial da base produtiva,* con estratéxias centradas primordialmente nos sectores agrário e pesqueiro e no apoio e respaldo ao sector do comércio, aos autónomos e o mundo artesán. O quinto, unha *Política de benestar social* dentro da que as pezas clave deben ser a política meio ambiental, a sanidade, a política de servizos e seguridade social e mais a política de igualdade social especialmente deseñada, con plantexamentos transversais, para as mulleres, a mocidade e mais a Galiza exterior –esa "Galiza emigrante" (como a rotulara en revista periódica e programa radiofónico exemplares Luis Seoane) que acaba de elaborar nas coordenadas do BNG unha proposta programática que rexeita a actitude hipocritamente comiserativa da política de propaganda, esmolas e clientelismo da actual Xunta, para apostar por criarmos en Galiza as condicións económicas necesárias que permitan o retorno dos emigrados que desexaren voltar, e estabelecermos simultaneamente programas de actuación social que remédien a miserábel situación actual da maioria dos emigrados nos países de acollida. O sexto, a *Política educativa, cultural* e de normalización lingüística, que entenda a educación como un direito que só se pode garantir cun amplo, sólido e eficiente sistema público, non por iso excluente do ensino privado como complementar e opcional, mais nunca a custa do deterioro nen do necesário afortalamento do ensino público; que entenda a cultura como unha agra aberta na que a cidadania debe gozar de iniciativa criativa en

plena liberdade e o governo debe asinalar as pautas estratéxicas e fornecer o apoio loxístico para o pleno florecimento da cultura xenuína do país e a plena integración nas correntes máis vizosas da cultura universal; e que, enfin, entenda a normalización lingüística como promoción cara á plena normalidade do uso social do idioma en todas as dimensións e campos do seu emprego. Finalmente, o sétimo, unha *Política de rexeneración democrática e institucional* en que non quero insistir agora, pois que acabamos de exemplificá-la coa nosa acción na Cámara de representantes galega e exercemo-la na prática en todas as institucións onde temos presenza –nomeadamente naqueles concellos onde governamos con paciente perseverança democrática apesar non só da lexítima oposición senón tamén dunha insidiosa modalidade de "contra" non precisamente nicaraguana.

Mais estes feixes de liñas programáticas primordiais teñen de arraizar nunha matriz de postulados ordenados en catro eixos axiolóxicos que non cansarei de reiterar.

Eses catro eixos axiolóxicos poden-se expresar con catro vocábulos: *progreso, benestar, liberdades e dignidade.* Progreso económico, que implica a exixéncia dun desenvolvimento sustíbel autocentrado, co centro de gravidade no potencial dinámico interno da economia galega e cunha lóxica de racionalidade económica en que o funcionamento da economia de mercado e libre empresa, como método de asignación eficiente de recursos produtivos, estexa emarcada nuns critérios de política macroeconómica que cada un dos axentes económicos individuais está imposibilitado de dexergar, estabelecer e aplicar: eis mesmamente a aptitude e o cometido próprios do poder político democrático na condución, sen dirixismo, dos procesos macroeconómicos da sociedade. *Benestar social,* sen o cal resulta imposíbel que os froitos do progreso económico redunden en proveito dos diferentes segmentos da sociedade e da cidadania, e en progreso moral e cultural da comunidade de indivíduos que é esa cidadania mesmamente: eis precisamente a función política do poder nun *welfare state,* nun modelo de estado de benestar, redistribuidor, garante de condicións laborais dignas, do acceso universalizado aos bens imateriais da educación, da sanidade, dos servizos e a seguridade social, da cultura, do lecer, do equilíbrio do ecosistema de que formamos parte os humanos como segmento da biosfera do planeta. *Liberdades cívicas e democráticas,* sen cuxo exercício polos cidadáns e garantia pola orde política a convivéncia social pacífica e sosegada seria impraticábel, a igualdade seria mentira, as discriminacións serian inevitábeis, o progreso material resultaria inútil, os febles serian esmagados, a civilización sofreria un retroceso na história: eis a función cívica dun poder que ten de ser o primeiro en asumir e praticar exemplarmente os postulados e as obrigas ínsitas nunha concepción democrática da vida social. *Dignidade comunitária e institucional,* pois que sen ela os povos e os indivíduos perderíamos a identidade, non exerceríamos as liberdades, ninguén nos respeitaria, volveriamo-nos unha masa informe como un enxá-

mio de abellas igual a calquer outro: eis, enfin, o sentido máis próprio, radical e profundo, a razón de ser máis inequívoca, da existéncia das institucións políticas autonómicas cando se lles imprime a vocación de serviren para o progresivo autogoverno dos cidadáns da nación galega.

Utopia? Non, rotundamente non: só vocación de que a política non sexa unha acción submisa aos lindes angostos do que alguns, os enganidos de espírito e os reaccionários, consideran posíbel, senón que sexa unha acción criativa orientada a facer posíbel aquilo que resulta necesário para os cidadáns e a sociedade. Ainda que cumpra avanzar paso a paso, por etapas, ascender pola esqueira chanzo a chanzo, e mesmo ás veces perder pé un instante e retroceder un chisco ou dar un rodeo, se venta con forza de cara ou hai silvas mestas no carreiro. O nacionalismo galego sempre camiñou asi. Se Rosalia Castro se tivese submetido a facer só aquilo que os seus contemporáneos consideraban posíbel, nunca teria escrito en galego, pois que a maioria dos cidadáns eran analfabetos, e os alfabetizados non sabian ler o seu idioma: hoxe o galego continuaria a ser un idioma iletrado. Se Murguia se tivese adaptado ao que se consideraba posíbel, asumiria que Galiza non tiña história própria, non a teria investigado e escrito, e os cidadáns galegos continuarian ainda hoxe a creren que eran "un povo sen história", unha simples partícula amorfa dentro da história de España –como pretenden impor-nos os xenófobos paridores do infame decreto de Humanidades co presidente Aznar á cabeza. Se Castelao non tivese teimado até o fin en que as Cortes de Montserrat dunha agónica república asediada en Cataluña polo fascismo, que vostés non quixeron condenar ainda antonte no Congreso dos deputados, aprobasen o Estatuto de Galiza plebiscitado xusto en vésperas da sublevación do 36, ao remate do franquismo Galiza non teria credenciais para ser considerada na Constitución española unha nacionalidade histórica o mesmo que Cataluña e Euskadi, e vosté non poderia ostentar a presidéncia dela. Se os traballadores desalienados non tivesen considerado necesário faceren posíbel unha xornada laboral de oito horas, hoxe todos continuarian a traballar de sol a sol. Se as mulleres mal chamadas "sufraxistas" non combatesen para faceren posíbel a necesária igualdade entre os xéneros, hoxe nengunha muller teria ainda direito a voto, nen a minoria que daquela o reclamaba, nen a maioria que se deixaba estar. Esas son as xentes e as ideas que fan que a política sirva para facer avanzar a história. Vostés limitan-se a se manteren ao pairo nela. Nós somos desas xentes. Por iso avanzamos apesar dos temporais desta dura invernia política. E como nós, os sectores máis conscientes e dinámicos da cidadania galega.

Eu fago un chamamento honesto e veraz aos diversos segmentos desa maioria social necesária para mudarmos o rumo do noso país. Ao empresariado galego que ten de escoller entre a submisión aos voraces xigantes da mundialización, ou exercer a sua identidade como tal empresariado para que podan prosperar os seus

xenuínos e lexítimos intereses e liderar o desenvolvimento interno e a proxección exterior da economia galega. Se apostan por isto, terán en min un dirixente político insubornábel, leal e amigo –non, por suposto, un "governo amigo" para as comenéncias duns poucos e a ruína dos demais. Ás clases traballadoras galegas, de que eu mesmo formo parte e coas que sempre me identifiquei –se queren alguén que desde o poder da Xunta combata pola concertación social, a estabilidade no emprego e a normalización das relacións laborais: terán en min un compañeiro. Ás clases medias castigadas polo PP, que arrecada os seus votos como unha meiga chuchona para logo mallar neles: comerciantes, autónomos, profisionais liberais. Ao campesinado confinado polo governo do Estado e a Xunta en auténticos "campos de extermínio" incruentos. Á Galiza mariñeira, que tanto amou, defendeu e exaltou o Daniel de Rianxo. Aos artistas, criadores e as xentes da cultura, que están a padecer a desertización cultural e a asfíxia provocada pola barbárie instalada no poder. Ao comun dos cidadáns progresivamente espoliados das prestacións do sistema de servizos de benestar social que conquistaran coa sua tenacidade democrática. A todos eles digo-lles sen fachenda nengunha que

¡Adiante co B.N.G.!

Viva o Bloque Nacionalista Galego.

1. Beiras Torrado, Xosé Manuel.
2. Álvarez Domínguez, Bautista.
3. Álvarez Blanco, Salomé.
4. Aymerich Cano, Carlos.
5. Bello Costa, Xaime.
6. Brión Sanmiguel. Dominga.
7. Cadarso Palau,. Alícia.
8. Candócia Pita, Pilar.
9. Cela Diaz, Rubén.
10. Fernández Davila, Olalla.
11. Fernández Lores, Miguel.
12. Fernández Oca, António.
13. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco.
14. Freixo Mariño, Maria Xosé.
15. Gandón Menduiña, Ana.
16. Garcia Negro, Maria do Pilar.
17. Garcia Suárez, Francisco.
18. Jorquera Caselas, Francisco.
19. López Rico, Mário.
20. Martínez-Corbalán Puche, Carme.
21. Merino Mejuto, Domíngos.
22. Nogueira Román, Camilo.
23. Novo Arrojo, Tereixa.
24. Obelleiro Piñón, Lois.
25. Otero Cepeda, Encarna.
26. Pérez Castrillo, Lois.
27. Pérez Orje, Cecília.
28. Pontón Mondelo, Ana Belén.
29. Quintana González, Anxo.
30. Rodríguez Feixoo, Alberte X.
31. Rodríguez Pazos, Branca.
32. Rodríguez Peña, Xosé Henrique.
33. Rodríguez Sánchez, Francisco.
34. Rua Souto, Ana.
35. Sanmartin Rei, Goretti.
36. Suárez Canal, Alfredo.
37. Tello León, Henrique.
38. Trigo Durán, Francisco.
39. Vázquez Vazquez, Guillerme.
40. Vega Buxán, Xesus.

XI

ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

PARA IMPULSAR A GALIZA DOS NOVOS TEMPOS

PALACIO DE CONGRESOS DE GALIZA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
22/23 DE NOVEMBRO

2003